

## *Dictames 2002*

*Dictame*

**1/02**

Dictame sobre o anteproxecto de Lei de Medidas de Réxime Fiscal e Administrativo 2002

*Dictame*

**2/02**

Dictame sobre o anteproxecto de Lei do Consello Universitario de Galicia

*Dictame*

**3/02**

Dictame sobre o proxecto de Decreto de Contratación do profesorado universitario

*Dictame*

**4/02**

Dictame sobre o anteproxecto de Lei de modificación da Lei 2/1996, de 8 de maio, de Galicia sobre drogas

*Dictame*

**5/02**

Dictame sobre o anteproxecto de Lei de taxas, prezos, canons e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia

*Dictame*

**6/02**

Dictame sobre o anteproxecto de Lei de medidas fiscais e de réxime administrativo

*Dictame*

**7/02**

Dictame sobre o anteproxecto de Lei de ordenación sanitaria de Galicia



*Dictame*

**1/02**

Dictame sobre o anteproxecto de Lei de Medidas de Réxime Fiscal e Administrativo 2002

## **1.- ANTECEDENTES**

1.- En data 5 de febreiro tivo entrada no Consello Económico e Social oficio do presidente da Xunta de Galicia remitindo, para o seu preceptivo dictame por este organismo, o borrador do anteproxecto de Lei de medidas fiscais e de réxime orzamentario e administrativo.

2.- O texto do borrador foi enviado, nesa mesma data, ó presidente e ós membros da Comisión Sectorial nº1: *Economía, emprego e desenvolvemento territorial*, competente por razón da materia, para a elaboración da correspondente proposta de Dictame. Así mesmo, tal como establece o Regulamento de Réxime Interno do CES, deuse conta á Comisión Permanente, con data 5 de febreiro, da entrada de solicitude de dictame.

85

3.- Con data 5 de febreiro, o seu presidente convoca á Comisión Sectorial nº 1 para o xoves 7 de febreiro, co fin de inicia-los traballos de reflexión sobre a proposta de dictame.

4.- A Comisión Sectorial, na súa sesión 02/02, de 11 de febreiro, acorda aprobar por unanimidade a proposta de Dictame e a remite ó presidente do Consello para a súa tramitación.

5.- O presidente do CES, de acordo coa Comisión Permanente do organismo, convoca ó Pleno do Consello, que na súa sesión 02/02, de 13 de febreiro, e tras coñece-lo texto remitido, acorda aprobar por unanimidade o seguinte

DICTAME

***Sobre o anteproxecto de Lei de medidas fiscais e de réxime orzamentario e administrativo 2002.***

## **2.- ESTRUCTURA E CONTIDO**

O anteproxecto sometido a dictame está estruturado en tres Títulos, con trinta e seis artigos, vintecinco Disposicións Adicionais, tres Disposicións Transitorias, tres Disposicións Derogatorias e dúas Disposicións Derradeiras. Con este anteproxecto de Lei modifícanse as seguintes leis:

- Lei 2/1998, do 8 de abril, de medidas tributarias, de réxime presupostario, función pública, patrimonio, organización e xestión.
- Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia.
- Lei 5/1994, do 29 de novembro, de creación do Ente Público Portos de Galicia.
- Lei 8/1993, do 23 de xuño, de Augas. Administración hidráulica.
- Lei 9/1984, do 11 de xullo, de creación da Compañía de Radiotelevisión de Galicia.
- Lei 7/1983, do 22 de xuño, das fundacións de interese galego.
- Lei 9/1993, do 8 de xullo, das confrarías de pescadores de Galicia.
- Lei 14/1985, do 23 de outubro, reguladora dos xogos e apostas.
- Lei 6/1991, do 15 de maio, de infraccións en materia de protección de recursos marítimo-pesqueiros.
- Lei 3/2000, do 22 de decembro, do voluntariado de Galicia.

86

No Título I da Lei, referente ás normas tributarias, establécense para o tramo autonómico do Imposto sobre a renda das persoas físicas as deducións da cota íntegra que corresponden por nacemento ou adopción de fillos, pola existencia de familia numerosa, e por coidado de fillos menores. Por outra banda, e coa finalidade de diminuí-lo custo das transmisións “mortis causa”, apróbanse deducións no cálculo da base liquidable do Imposto sobre sucesións e doazóns nos supostos de transmisións de explotacións agrarias ou de elementos illados desa explotación, así como nos casos de transmisión de empresas individuais ou de negocios profesionais, situados en Galicia.

En materia de taxas, modifícanse, no capítulo II do Título I, as tarifas e as exencións da taxa sobre rifas, tómbolas, apostas e combinacións aleatorias, así como a regulamentación da base imponible e os tipos de gravame e cotas fixas da taxa sobre xogos de sorte, envite ou azar.

No Título II: “Normas en materia de función pública” inclúense diversas medidas relacionadas co persoal ó servizo da Administración autonómica, entre as

que destacan as modificacións da Lei 4/1988, do 26 de maio, da Función pública de Galicia.

Ademais das modificacións da Lei 4/1988, incorpóranse neste Título novidades referentes á creación das escalas de Inspección e Subinspección de Consumo; á modificación da escala de axentes forestais; e á utilización das especialidades de inspección financeira e tributaria e de xestión tributaria, das escalas Superior de Finanzas e Técnica de Finanzas, nas especialidades superior e técnica de Inspección e Xestión Financeira e Tributaria.

No Título III: “Normas de xestión e organización administrativa” inclúense unha serie de normas que atinxen ós diferentes sectores que integran a Administración pública de Galicia.

Neste Título inclúense modificacións ás seguintes Leis: Lei 5/1994, do 29 de novembro de creación do Ente Público Portos de Galicia, e Lei 8/1993, do 23 de xuño, de Augas. Administración hidráulica.

87

Así mesmo, neste Título abórdase a creación da Axencia para a Xestión Integrada, Calidade e Avaliación da Formación Profesional, concibida como un ente de dereito público adscrito á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, para o desenvolvemento das actuacións descritas no seu propio enunciado.

No que respecta ás Disposicións adicionais, destaca a modificación na Lei 9/1984, do 11 de xullo, de creación da compañía de Radiotelevisión de Galicia, como ente de dereito público, coa finalidade de definir con maior precisión as funcións de servizo público encomendadas, así como as peculiaridades do control parlamentario establecido sobre o desenvolvemento efectivo desas funcións.

Nesta mesma liña, en orde a reforza-los mecanismos de control económico-financeiro, mediante a utilización de auditorías externas, modifícase a Lei 7/1983, do 22 de xuño, das fundacións de interese galego, e a Lei 9/1993, do 8 de xullo, das confrarías de pescadores de Galicia. Por último, expóñense diversas modificacións que afectan á Lei 14/1985, do 23 de outubro, reguladora dos xogos e apostas.

### **3.- OBSERVACIÓNS XERAIS**

1.- Resulta obrigado manifestar que o o prazo requirido no trámite de urxencia para a emisión de Dictame, implica unha celeridade na análise dun texto tan complexo como o deste Anteproxecto que vai en detrimento do resultado esperado da labor consultiva do Consello. Polo tanto, o CES quere que se teña en conta que a ausencia de observacións particulares a algunha norma non implica necesariamente a conformidade co seu con-tido.

2.- O CES considera que a técnica lexislativa que supón o uso dunha lei para regular un conxunto de materias dispares impide ó Consello realizar unha avaliación global dos textos obxecto de Dictame.

88

Neste senso, as modificacións puntuais da Lei 4/1988, do 26 de maio, da Función Pública de Galicia, dificultan unha interpretación global da Lei. En todo caso, o CES considera que, nunha reforma global de dita Lei, debería ter cabida, a parte das modificacións puntuais necesarias, a introducción das melloras establecidas na Lei 39/1999, de 5 de novembro, de Conciliación da Vida Laboral e Familiar das Persoas Traballadoras.

### **4.- OBSERVACIÓNS PARTICULARES**

Tendo en conta a primeira observación xeral, o Consello Económico e Social de Galicia considera que no anteproxecto de Lei de medidas fiscais e de réxime orzamentario e administrativo para o ano 2002 deberían contemplarse as seguintes observacións particulares:

#### **Art. 1.- “Imposto sobre a renda das persoas físicas”.**

Dentro dunha política de apoio á natalidade, o artigo 1º establece diversas deducións da cota íntegra autonómica do imposto sobre a renda das persoas físicas que poderán facerse efectivas por nacemento de fillos ou adopción e nos supostos de titularidade de familias numerosas e de coidado de fillos menores.

O CES considera que os mecanismos fiscais de apoio á natalidade, ligados directamente á declaración da renda, exclúen ós colectivos máis desfavorecidos

que, non sendo contribuíntes con obriga de declarar por un baixo nivel de renda, non terían posibilidade de acceder a ditas deducións, polo que daría lugar a unha falta de equidade no obxectivo a acadar, que é o apoio a natalidade por nacemento, adopción e nos supostos de familia numerosa.

En consecuencia, o Consello considera que se deberían graduar as reducións na cota íntegra autonómica do imposto sobre a renda das persoas físicas en función do nivel de renda dos beneficiarios, e que se debería complementalo mecanismo de medidas fiscais de apoio ó fomento da natalidade con mecanismos alternativos de axudas directas ós fillos a través de prestacións sociais directas, en proporción á renda dos beneficiarios e cun límite de renda máximo xenérico, e dunha rede de asistencia pública – garderías, comedores...– (Consideración nº 19 do Informe-opinión do CES sobre o *Plan de Revitalización Demográfica de Galicia*).

Por outra banda, o CES entende que as deducións por coidado de fillos menores deberían ser complementadas con medidas a favor das empresas que faciliten servizos de apoio ós seus empregados e implementen políticas de recursos humanos –no que respecta á flexibilidade de horarios e a posibilidade de redución de xornada–. Enténdese tamén oportuno establecer axudas á substitución do traballador/a de baixa por coidado de fillos menores.

89

Finalmente, o CES considera que debería estudiarse, respecto ós requisitos establecidos para a dedución por coidado de fillos menores, a oportunidade de ampliar ós supostos de contratar o coidado dos fillos tamén a tempo parcial ou a través de empresas dedicadas a dar ditos servizos, axustando a dedución a cada caso.

## **Art. 2.- “Reducións na base imponible do imposto sobre sucesións e doazóns”.**

No artigo 2 expóñense os casos nos que é posible optar á redución na base imponible do imposto sobre sucesións e doazóns nas transmisións “mortis causa” dunha explotación agraria e dos seus elementos, e dunha empresa individual ou un negocio profesional.

O CES considera que debería estudiarse dentro das circunstancias a considerar como mellora desta redución, tanto no caso de explotacións agrarias e os seus elementos como de empresas individuais ou negocios profesionais, a capacidade de mante-lo emprego estable.

No **apartado un 3 b)** de dito artigo establécese que para poder practicarse a deducción debe concorrer a circunstancia, entre outras, de que á empresa individual, ó negocio profesional ou ás participacións lles sexa de aplicación a exención regulada no apartado 8º do artigo 4 da Lei 19/1991, do 6 de xuño, do Imposto sobre o Patrimonio, onde se dispón que a participación do suxeito pasivo no capital debe ser ó menos do 15% computado de forma individual.

O CES considera que, dada a estrutura da empresa galega, debería estudiarse a posibilidade de reducir a dita participación mínima do 15% computada de forma individual ó 5%, tal como ocorre noutras comunidades autónomas.

No **apartado tres do artigo 2** estipúlase que en caso de que se deixase de cumprir algún dos requisitos que deron lugar á exención do imposto, deberá pagarse a parte do imposto que se deixou de pagar como consecuencia da deducción así como os intereses de demora.

90

O CES considera que no caso de incumprimento dos requisitos de permanencia da adquisición ou mantemento do centro de xestión, domicilio fiscal ou o dereito á exención no Imposto sobre o Patrimonio, o pago do imposto que se deixase de ingresar como consecuencia da deducción practicada debe aplicarse o interese legal do diñeiro ó período transcorrido dende a data tope do ingreso inicial e a data tope establecida na resolución por incumprimento de ditos requisitos.

**Art. 6.- “Creación de corpos e escalas” e art. 10.- “Titulacións para o acceso a distintas escalas”.**

Nestes dous artigos expóñense modificacións da Lei 4/1988, do 26 de maio, da Función Pública de Galicia, que afectan respectivamente á creación de corpos e escalas e ás titulacións para o acceso ás distintas escalas.

Nestes artigos establécese que tanto a titulación esixida para o ingreso na función pública como as titulacións requiridas para o acceso a determinadas escalas de conformidade co grupo no que se clasifica e a normativa vixente de aplicación poderán regularse mediante Decreto.

O CES entende que a regulamentación mediante Decreto aprobado polo Consello da Xunta debe referirse exclusivamente ás novas titulacións e que calquera modificación das titulacións existentes deben regularse a través da modificación da Lei 4/1998, do 26 de maio, da Función Pública de Galicia.



**Art. 16.- “Integración do persoal funcionario nas novas especialidades das escalas de finanzas”.**

Este artigo establece que a integración do persoal funcionario na nova especialidade de Inspección e Xestión Financeira e Tributaria da escala superior de Finanzas acreditarase mediante a expedición da correspondente dilixencia pola unidade de persoal da consellería ou organismo no que preste servizo o persoal afectado.

O CES considera correcta a integración. No relativo á expedición da “dilixencia” pola unidade de persoal da consellería ou organismo no que preste servizo o afectado, o CES entende que debe explicitarse que a formalización de dita integración sexa realizada pola Dirección Xeral da Función Pública.

**Art. 25.- “Procedemento sancionador”.**

Neste artigo modifícase o apartado 6 e engádese un novo apartado 8 ó artigo 16 da Lei 6/1991, do 15 de maio, de infraccións en materia de protección de recursos marítimo-pesqueiros.

91

No que respecta á modificación do **apartado 6**, establécese que as resolucións condenatorias poden supoñer-lo comiso de tódolos aparellos, artes, útiles, instrumentos, vehículos ou embarcacións de todo xénero empregados para a comisión dalgúns dos feitos tipificados como infracción nesta lei, especificándose que, cando o uso dos citados obxectos sexa declarado como ilícito, poderán ser destruídos.

O CES considera necesario clarificar a redacción do apartado 6, especificando que ditos obxectos só poderán ser destruídos no caso de que non sexan susceptibles dun uso lícito de acordo coa súa normativa reguladora, e non polo mero uso ilícito dos mesmos, como ocorre no caso dos vehículos.

**Art. 36.- “Creación da Axencia para a Xestión Integrada, Calidade e Avaliación da Formación Profesional”.**

No **apartado catro 4 b)** deste artigo establécese, entre as funcións relacionadas co ámbito da mellora da calidade do sistema de formación profesional, a de promover a calidade dos tres subsistemas de formación profesional, específica, ocupacional e continua.

O CES entende que onde di:

*“(...) subsistemas de formación profesional, específica, ocupacional e continua.”*

debería dicir:

*“(...) subsistemas de formación profesional inicial, ocupacional e continua.”*

No **apartado catro 5 b)** deste artigo establécese que a Axencia para a Xestión Integrada, Calidade e Avaliación da Formación Profesional desenvolverá todas aquelas funcións que lle sexan encomendadas polos órganos que dirixen a execución do Plan Galego de Formación Profesional.

O CES entende necesario que se solicite informe previo ó Consello Galego de Formación Profesional, antes de que sexan encomendadas novas funcións a Axencia para a Xestión Integrada, Calidade e Avaliación da Formación Profesional

92

#### **Disposición Adicional Décimo Novena.- “Comisión do xogo”.**

A Disposición Adicional Décimo Novena modifica a Lei 14/1985, do 23 de outubro, reguladora dos xogos e apostas en Galicia, no seu artigo 26, variando os membros que integran a Comisión de Xogo.

O CES entende que, dada a influencia do xogo noutros intereses económicos e sociais, deberían engadirse como membros da Comisión de Xogo, un representante da Confederación de Empresarios de Galicia (CEG) e un representante de cada un dos sindicatos máis representativos do sector.

Santiago de Compostela, 13 de febreiro de 2002

Vº. e P.

O PRESIDENTE

O SECRETARIO XERAL

Asdo: Luis Suárez-Llanos Gómez

Asdo: Carlos Monclús Diez de Ulzurrun

*Dictame*

**2/02**

Dictame sobre o anteproxecto de Lei do Consello Universitario de Galicia

## **1.- ANTECEDENTES**

1.- Con data 15 de abril de 2002, tivo entrada no Consello Económico e Social de Galicia unha solicitude de dictame, sometendo a consideración deste organismo o borrador do Anteproxecto de Lei do Consello Galego de Universidades, co obxecto de que o CES emita o correspondente dictame de natureza preceptiva que defina a posición dos axentes sociais e económicos representados no mesmo.

2.- O texto do borrador foi remitido o 15 de abril ó presidente e ós membros da Comisión sectorial nº 2: *Sector público e benestar social*, competente para emitilo dictame por razón de materia. Así mesmo, tal como establece o Regulamento de Réxime Interno, deuse conta á Comisión Permanente da entrada do texto do borrador do anteproxecto e do comezo dos traballos con data 15 de abril.

93

3.- O 16 de abril, o seu presidente convoca á Comisión Sectorial nº 2 para o día 25 dese mesmo mes, co fin de elaboralo dictame.

4.- Tralo estudio do texto ó longo de varias sesións de traballo, a Comisión Sectorial nº 2, na súa sesión 8/02, de data 2 de maio, aprobou por unanimidade a proposta de Dictame e remitiuna ó Presidente do Consello para a súa tramitación.

5.- En data 21 de maio, o Presidente do Consello convoca á Comisión Permanente do mesmo, que, reunida na súa sesión nº 03/02, de 27 de maio, en trámite ordinario acorda convocalo Pleno do Consello para a aprobación do Dictame.

6.- O Pleno do CES na súa sesión 4/02, do 3 de xuño, acorda aprobar por unanimidade o seguinte:

### **DICTAME**

***Sobre o anteproxecto de Lei do Consello Galego de Universidades.***

## **2.- ESTRUCTURA E CONTIDO**

**1.-** A nova regulación estatal [Ley Orgánica de Universidades (LOU)] e a experiencia acumulada aconsella a aprobación dunha nova norma, máis exhaustiva, dada a sustantividade do Consello Universitario e do Consello Social como entidades independentes, logrando así unhas normas que permitan ter unha coordinación áxil e eficaz, en aras a unha política universitaria consensuada entre todos os seus axentes no marco do Sistema Universitario de Galicia.

Esta Lei ten por obxecto o desenvolvemento das funcións de coordinación universitaria que lle corresponden á Comunidade Autónoma de Galicia respecto das universidades públicas e privadas da súa competencia, as súas disposicións de desenvolvemento e as competencias que lle corresponden á Consello de Coordinación Universitaria, así como ós demais órganos da universidade, en virtude da autonomía desta.

94

**2.-** O contido do Anteproxecto de Lei do Consello Galego de Universidades estrutúrase en catro Capítulos, dúas Disposicións Transitorias, unha Disposición Derrogatoria e tres Disposicións finais.

No Capítulo Preliminar establécense as directrices mestras da coordinación universitaria. Deste xeito acóutase a extensión da eficacia desta Lei, asígnaselle a competencia en materia de coordinación universitaria a un departamento da Administración autonómica e establécense os medios e fins da cooperación entre as universidades.

No Capítulo Primeiro defínense e fíxanse os aspectos fundamentais do Consello Galego de Universidades, como a súa sede, a súa adscrición orgánica e as súas competencias.

No Capítulo Segundo establécese a composición do Consello Galego de Universidades.

Finalmente, o Capítulo Terceiro aborda os aspectos básicos da organización e funcionamento do Consello Galego de Universidades, remitindo a un regulamento que elaborará o propio órgano.

### **3.- CONSIDERACIÓNS XERAIS**

1.- O CES considera que debe aproveitarse a oportunidade que ofrece o desenvolvemento da Lei Orgánica de Universidades para garantir a calidade do sistema universitario de Galicia desenvolvendo unha normativa creativa.

O Anteproxecto de Lei do Consello Galego de Universidades, sometido a dictame, reproduce o Título II da Lei 5/1987, do 27 de maio, mantendo o “status quo” na composición e funcións do anterior Consello Universitario de Galicia e desenvolvendo a Lei Orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de Universidades (LOU).

Para completa-lo desenvolvemento da LOU están pendentes de elaboración pola Comunidade Autónoma outros textos importantes como o de desenvolvemento do sistema universitario de Galicia, do Consello Social e da Axencia de Avaliación.

95

2.- O Consello Galego de Universidades ten como obxectivo levar a cabo as funcións de coordinación das universidades públicas e privadas competencia da Comunidade Autónoma de Galicia, en desenvolvemento do artigo 2.5 da LOU.

O artigo 27 da Constitución española reconece a autonomía da Universidade nos temas que a lei estableza, unha autonomía que non debe ser mediatizada, invadida ou limitada pola súa capacidade financeira, e debe ser avalada por un pacto político na súa tutela pública, e o consenso social. Por outra banda, o artigo 7 da Constitución reconece a contribución dos sindicatos de traballadores e as asociacións de empresarios á defensa dos intereses económicos que lle son propios.

Independentemente de que os axentes económicos e sociais teñen xa unha participación nos Consellos Sociais das Universidades, como instrumento de participación na xestión permanente e consultiva de cada universidade, o CES considera que sería positiva a presenza dos axentes económicos e sociais no Consello Galego de Universidades, configurado como máximo órgano de asesoramento institucional e de coordinación do sistema universitario galego para mellora-la consecución dos seus obxectivos. Dita presenza, está prevista no artigo 29.c) da LOU, no que respecta ó "Consejo de Coordinación Universitaria".

Os fins e competencias do Consello Galego de Universidades, establecidos no Anteproxecto de Lei (art.3 e art. 5, respectivamente), aínda que nalgúns casos

teñen un marcado carácter técnico, noutros inciden nos intereses económicos e sociais propios das organizacións sindicais e empresariais. A presenza de ditas organizacións supón unha apertura da universidade á sociedade civil organizada sen diminución da autonomía universitaria, que se considera reforzada coa dita participación.

O CES considera importante e necesario que se inclúa, na composición do Consello Galego de Universidades, un número paritario de membros designados polas organizacións sindicais e empresariais máis representativas ó nivel da Comunidade Autónoma.

#### **4.- CONSIDERACIÓNS PARTICULARES**

96

**1.-** O CES entende que, na **exposición de motivos** do texto do Anteproxecto de Lei do Consello Galego de Universidades, onde di:

*“(…), e así se fixo pola Lei 8/1987, do 27 de maio, (...)”,*  
debería dicir:

*“(…), e así se fixo pola Lei 5/1987, do 27 de maio, (...)”.*

**2.-** No **apartado d) do artigo 7**, inclúense como compoñentes do Consello ós rectores das universidades públicas e privadas, tendo estes últimos só dereito a voto en asuntos que especificamente afecten a estas. Esta limitación de voto é unha translación con nova redacción do artigo 30.6 da LOU.

O CES entende que a referencia á participación das universidades privadas no Consello Galego de Universidades, establecida no apartado d) do artigo 7, debe limitarse exclusivamente a aquelas universidades consideradas no artigo 4.a) da LOU, e en ningún caso, a outros tipos de presenza de delegacións de universidades privadas na Comunidade Autónoma de Galicia.

**3.-** O **artigo 8** do Anteproxecto de Lei a dictame expón o estatuto xurídico dos membros do Consello.

O CES entende que ós efectos de ter en conta ós membros das organizacións

sindicais e empresariais, debe ampliarse a aplicación do estatuto xurídico a ditos representantes, e incluír como causa de cese adicional para estes membros a seguinte:

– *“Por decisión da organización sindical ou empresarial que o designou”*.

**4.- O artigo 14** do Anteproxecto de Lei do Consello Galego de Universidades expón a condición e competencias da Secretaría do Consello.

O CES considera que:

• No **apartado 1**, onde di:

*“(...) será un funcionario do grupo A (...)”*,

debería dicir:

*“(...) deberá pertencer ó corpo de funcionarios do grupo A (...)”*.

• No **apartado 3**, onde di:

*“(...) a Secretaría poderá contar (...)”*,

debería dicir :

*“(...) a Secretaría contará (...)”*.

97

Santiago de Compostela, 3 de xuño de 2002

Vº. e P.

O PRESIDENTE

O SECRETARIO XERAL

Asdo: Luis Suárez-Llanos Gómez

Asdo: Carlos Monclús Díez de Ulzurrun





*Dictame*

**3/02**

Dictame sobre o proxecto de Decreto de Contratación do profesorado universitario

### **1.- ANTECEDENTES**

1.- Con data 15 de abril de 2002, tivo entrada no Consello Económico e Social de Galicia solicitude de dictame, sometendo a consideración deste organismo o borrador do proxecto de Decreto de Contratación de Profesorado Universitario, co obxecto de que este organismo emita o correspondente dictame de natureza facultativa que defina a posición dos axentes sociais e económicos representados no Consello.

2.- O texto do borrador foi remitido o 15 de abril ó presidente e ós membros da Comisión Sectorial nº 2: *Sector público e benestar social*, competente para emitilo dictame por razón de materia. Así mesmo, tal como establece o Regulamento de Réxime Interno, deuse conta á Comisión Permanente da entrada do texto do borrador do anteproxecto e do comezo dos traballos nesa mesma data.

99

3.- Con data 16 de abril, o seu presidente convoca á Comisión Sectorial nº 2 para o día 25 dese mesmo mes, co fin de programa-las sesións para a elaboración do Dictame.

4.- Tralo estudio do texto remitido ó longo de varias sesións de traballo, a Comisión Sectorial nº 2, na súa sesión 9/02, de data 10 de maio, aprobou por unanimidade a proposta de Dictame e remitiuna ó Presidente do Consello para a súa tramitación.

5.- En data 21 de maio, o Presidente do Consello convoca á Comisión Permanente do mesmo, que, reunida na súa sesión nº 03/02, de 27 de maio, en trámite ordinario acorda convoca-lo Pleno do Consello para a aprobación do Dictame.

6.- O Pleno do CES na súa sesión 4/02, do 3 de xuño, acorda aprobar por unanimidade o seguinte:

### **DICTAME**

***Sobre o proxecto de decreto de Contratación de Profesorado Universitario***

## **2.- ESTRUCTURA E CONTIDO**

1.- A Lei Orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de Universidades (LOU), preveu expresamente que as Comunidades Autónomas, “nos termos da presente Lei e no marco das súas competencias, (...) establecerán o réxime do persoal docente e investigador contratado das Universidades”. Ó cumprimento desta provisión normativa oriéntase o presente Decreto.

2.- O contido do proxecto de Decreto de Contratación de Profesorado Universitario estrutúrase en tres Títulos, unha Disposición Adicional, dúas Disposicións Transitorias e unha Disposición final.

100 No Título primeiro, expóñense as disposicións xerais, especificándose nel as novas categorías do profesorado contratado creadas pola Lei Orgánica de Universidades, o complexo grupo de competencias que concorre encol da actuación e posta en práctica das mesmas, e os umbráis dentro dos que a universidade poderá artella-los seus novos planteis de profesores contratados.

O segundo Título trata dos axudantes e dos profesores axudantes doutores, colaboradores, contratados doutores, asociados, eméritos e visitantes, ó efecto de fixa-lo réxime específico de cada unha destas sete categorías de profesores contratados.

O terceiro Título trata das disposicións comúns aplicables ás diversas categorías de profesorado contratado, artellándose en preceptos relativos ás relacións de postos de traballo do profesorado, para traspoñer no esencial o contido do artigo 70 da LOU; as convocatorias de concursos; ó procedemento de selección; á natureza dos contratos e lexislación aplicable; ás retribucións; ás incompatibilidades; ás situacións administrativas; á seguridade social; e á xurisdicción competente.

A Disposición Adicional integra o contido do artigo 48.3 e da Disposición Adicional 13ª da LOU.

As dúas Disposicións Transitorias corresponden co contido das Disposicións Transitorias 4ª e 5ª da LOU.

### **3.- CONSIDERACIÓNS XERAIS**

1.- O Decreto debería vir a dictame polo Consello Económico e Social de Galicia unha vez negociado coas organizacións sindicais, como representantes legais dos traballadores e traballadoras, xa que nalgúns apartados afecta directamente ás súas condicións laborais. O marco adecuado, e legalmente previsto, para a negociación é a Mesa Sectorial de Universidades, da que forman parte os sindicatos, a Administración autonómica e as Universidades.

O texto sometido a Dictame non supón un desenvolvemento das disposicións relativas ó profesorado contratado recollidas na LOU e límitase a facer algunhas propostas, como a posibilidade de contratación a tempo parcial de profesores/as colaboradores/as (art.6.3) e profesores/as contratados/as doutores (art.7.3) (modalidades de dudosa necesidade dado que, como figura de profesor/a contratado/a a tempo parcial, existe xa a de asociado/a).

Non se establece mecanismo ningún para garanti-la continuidade laboral do actual profesorado contratado. Neste senso, esquécese que aínda está en vigor o Plano de Estabilidade e Promoción do Profesorado Universitario, que debe adaptarse a esta nova situación –punto este que debería contemplarse no Decreto–, xa que se introducen factores de inestabilidade dunha parte do actual profesorado, que, tendo carácter de estable, está a ser indebidamente calificado como profesorado asociado, que as últimas reformas na lexislación tiñan suprimido en boa medida. En relación con isto, debería establecer un programa para mellora-la cualificación profesional do profesorado actualmente contratado que, co ano 2006 como horizonte, tivese como finalidade principal apoiar a realización de teses de doutoramento.

2.- No que respecta ó tratamento dos **profesores actualmente contratados** nas Universidades, parece cuestionable que dito profesorado teña que ser despedido para que, se as condicións o permiten, poidan ser contratados de novo. O CES considera que se deberían propoñer fórmulas de incorporación a unha das novas figuras de profesorado contratado. Isto supón que debe considerarse unha Disposición Transitoria que permita, excepcionalmente, que o profesorado que actualmente está contratado polas Universidades (que xa pasou un proceso de selección para desempeñar a praza de contrato que ocupa) poida integrarse nas distintas figuras contempladas na LOU.

3.- Dada a problemática dos actuais **profesores axudantes e asociados**, afectados polas Disposicións Transitorias do proxecto de Decreto sometido a dictame, derivada da diferente casuística que se pode producir en cada universidade, o CES considera necesario que, en base ó principio de autonomía universitaria, nas dúas Disposicións Transitorias se remita ás mesas sectoriais de cada Universidade a negociación tanto do “cadro de equivalencias” das actuais figuras de profesor axudante e asociado, como, posteriormente, a negociación dos correspondentes procedementos de integración en cada unha das categorías equivalentes establecidas neste proxecto de Decreto, tendo en conta tódalas circunstancias que afecten a cada caso. A modo de exemplo, o específico réxime xurídico do “profesorado propio da Universidade de Vigo” requirirá unha negociación previa da súa equivalencia concreta (posiblemente dentro dos profesores axudantes) e, posteriormente, a negociación do seu procedemento de integración.

102

4.- O texto da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria non parece ter como obxectivo o de establecer unha forma de contratación laboral como fase inicial da **carreira profesional** do titulado que pretende abrirse paso no mundo universitario. As casuísticas establecidas e, sobre todo, os requirimentos para acceder dunhas figuras de contratación laboral a outras, semellan definir unha vía de carreira universitaria paralela á funcionarial, sen visos de conexión e interrelación entre ámbalas dúas.

#### **4.- CONSIDERACIÓNS PARTICULARES**

1.- O **artigo 4** do Decreto de Contratación de Profesorado Universitario expón as características da contratación do profesorado axudante.

O CES entende que se debería explicita-lo número de horas dedicadas á colaboración en tarefas docentes, en 3 ou 4 horas semanais.

2.- Os **artigos 4, 5 e 6** do Decreto obxecto de dictame tratan respectivamente dos profesores axudantes doutores, dos profesores colaboradores e dos profesores contratados doutores.

O CES considera necesario que se concrete a conexión, coordinación e equivalencias das Axencias para a calidade operantes no conxunto das comunidades

autónomas, pois o recoñecemento entre unhas e outras ten que ser automático.

**3.-** Os **artigos 6 e 7** do Decreto regulan a contratación dos profesores colaboradores e dos profesores contratados doutores.

O CES entende que nos apartados 2 de ditos artigos debería cambiarse o termo “*carácter estable*” polo de “*fixo de plantilla*”.

Por outra banda, no **apartado 3** do **artigo 7** considérase que se debería de elimina-la expresión “*a tempo parcial*”, pois non semella axeitada tan pouca dedicación para este tipo de contrato.

**4.-** O **artigo 10** trata da contratación dos profesores visitantes.

O CES considera que se debería elimina-la expresión “*ou parcial*”.

103

**5.-** O **artigo 13** do Decreto sometido a dictame trata do procedemento de selección do profesorado, así como das Comisións de Selección.

O CES considera que no punto 2 do citado artigo, onde se expón a formación das Comisións de Selección, debería concretar que dentro desta comisión un profesor ten que ser necesariamente de fóra da Universidade e outro dunha área afín de coñecemento á praza convocada.

**6.-** O **artigo 14** describe a natureza dos contratos e a lexislación aplicable.

O CES considera que no final de dito artigo debería engadirse o seguinte: “*e outra lexislación xeral de aplicación*”.

**7.-** O **artigo 15** do Decreto de Contratación de Profesorado Universitario dedícase ás retribucións dos profesores.

O CES entende que, no **apartado 2** de dito artigo, debería substituírse:

“(…) *tendo en conta que non poderá ser inferior á dun profesor asociado coa mínima dedicación nin exceder das retribucións anuais dun catedrático de universidade.*”

memoria de actividades

polo seguinte texto:

***“(...) tendo en conta que non poderá ser inferior ás retribucións dun titular de universidade para os doutores, ou titular de escola universitaria para os non doutores”.***

O CES entende que no **apartado 3** do artigo 15, onde di:

*“A Xunta de Galicia poderá establecer retribucións adicionais (...)”*,  
sería máis axeitado dicir:

***“A Xunta de Galicia establecerá retribucións adicionais (...)”.***

**8.- A Disposición Adicional** do Decreto obxecto de dictame ten en conta outros contratos.

O CES propón engadir ó final do apartado 1 de dita disposición o seguinte:  
***“así como a lexislación xeral de aplicación.”***

104

Santiago de Compostela, 3 de xuño de 2002

Vº. e P.

O PRESIDENTE

O SECRETARIO XERAL

Asdo: Luis Suárez-Llanos Gómez

Asdo: Carlos Monclús Diez de Ulzurrun

*Dictame*

**4/02**

Dictame sobre o anteproxecto de Lei de modificación da Lei 2/1996, de 8 de maio, de Galicia sobre drogas

### **1.- ANTECEDENTES**

1.- Con data 7 de maio de 2002, tivo entrada no Consello Económico e Social de Galicia oficio do presidente da Xunta de Galicia, sometendo á consideración deste organismo o borrador do anteproxecto de Lei de modificación da Lei 2/1996, do 8 de maio, de Galicia sobre drogas, co obxecto de que este organismo emita o correspondente informe de natureza preceptiva que defina a posición dos axentes sociais e económicos representados no Consello.

2.- O texto do borrador foi remitido ós membros da Comisión sectorial nº 2: *Sector público e benestar social*, competente para emitilo dictame por razón de materia. Así mesmo, tal como establece o Regulamento de Réxime Interno do CES, deuse conta á Comisión Permanente da entrada da petición de dictame sobre o anteproxecto de Lei e do comezo dos traballos.

105

3.- Con data 15 de maio de 2002, o seu presidente convoca á Comisión Sectorial nº 2, para o 16 de maio, co fin de revisa-la documentación e aborda-la elaboración do dictame, polo trámite ordinario.

4.- Tralo estudio do texto remitido, a Comisión Sectorial nº 2, na súa sesión 9/02, de data 16 de maio, aprobou por unanimidade a proposta de Dictame e remitiuna ó Presidente do Consello para a súa tramitación.

5.- En data 21 de maio, o Presidente do Consello convoca á Comisión Permanente do mesmo, que, reunida na súa sesión nº 03/02, de 27 de maio, en trámite ordinario acorda convoca-lo Pleno do Consello para a aprobación do Dictame.

6.- O Pleno do CES na súa sesión 4/02, do 3 de xuño, acorda aprobar por unanimidade o seguinte:

### **DICTAME**

***Sobre o anteproxecto de Lei de modificación da Lei 2/1996, do 8 de maio, de Galicia sobre drogas.***

## **2.- ESTRUCTURA E CONTIDO**

1.- O obxectivo do anteproxecto de Lei de modificación da Lei 2/1996, do 8 de maio, de Galicia sobre drogas, é afrontar os cambios nos patróns de consumo de drogas dos mozos nos últimos anos. Isto require de accións normativas que se cumpran, accións informativas e educativas para mozos, pais e poboación en xeral, accións preventivas, accións de potenciación dun ocio alternativo, detección de persoas con comportamentos de risco e accións encamiñadas a conseguir a colaboración de empresarios de hostalería, entre outras.

A norma sometida a dictame acomete a modificación nalgúns aspectos da Lei 2/96, de 8 de maio, de Galicia sobre Drogas, no relativo á promoción, publicidade, venda, subministración e consumo de bebidas alcohólicas e produtos do tabaco, promovendo tanto medidas de información, educación e prevención, como outras de limitación e prohibición con relación a estas circunstancias, tratando de protexer ós menores fronte ás consecuencias do seu consumo.

106

2.- O anteproxecto de Lei de modificación da Lei 2/1996, do 8 de maio, de Galicia sobre drogas, estrutúrase en dous artigos, unha Disposición Adicional, unha Disposición Derogatoria e tres Disposicións Finais.

A reforma do articulado da Lei 2/1996, de 8 de maio, de Galicia sobre drogas, inclúese no artigo primeiro. Neste senso modifícanse o Título Preliminar (“Do obxecto da Lei”), o Título I (“Da prevención das drogodependencias”), e o Título IV (“Da función inspectora e do réxime sancionador”) da Lei 2/1996, de 8 de maio, de Galicia sobre drogas. Os artigos modificados son o 2.2, 4, 6, 10, 11, 12, 13, 15, 17, 22, 34, 35, 36, 37.2, 39 e 40; así mesmo, engádense os artigos 4 bis, 11 bis, 11 ter, 36 bis, 37 bis e 41.

No artigo segundo modifícanse as rúbricas do Capítulo I I do Título I e do Capítulo I do Título IV da Lei 2/1996, de 8 de maio, de Galicia sobre drogas.

## **3.- CONSIDERACIÓNS XERAIS**

1.- O anteproxecto de Lei de modificación da Lei 2/1996, de 8 de maio, de Galicia sobre drogas, parte na súa exposición de motivos da constatación dos cam-



bios nos patróns de consumo dos mozos, fundamentalmente, de bebidas alcohólicas de alta graduación.

O Anteproxecto de Lei trata de afrontar ditos cambios mediante unha proposta de accións formativas, educativas e preventivas inspiradas principalmente na Estratexia Nacional sobre Drogas 2000-2008. Sen embargo, o principal contido da reforma baséase en limitacións e prohibicións ó consumo de ditas sustancias ós menores.

O CES considera que a verdadeira resposta ó problema do consumo de drogas por parte da xuventude debería vir polos camiños da educación, da autorresponsabilidade, da prevención e da oferta de alternativas de ocio para a mocidade, e non a través de leis restrictivas e coercitivas que non solucionan a problemática social de fondo e mesmo poden inducir efectos contrarios ós pretendidos polas ditas normas e, polo tanto, indexesables. As medidas de prevención só se apuntan en 3 (artigos 4 e 6) dos 23 apartados do Anteproxecto de Lei.

107

2.- En relación á prevención, o CES considera que se verdadeiramente é necesaria unha modificación desta Lei, esta debería afectar tamén ó seu artigo 5 para adapta-la súa terminoloxía á actual Lei de Prevención de Riscos Laborais (31/1995).

No artigo 5.- *Saúde laboral*, apartado 1, onde di:

*“comités de seguridade e hixiene”*,

debería dicir:

***“comités de seguridade e saúde ou, no seu caso, delegados de prevención”.***

A este respecto, considérase tamén que debería establecerse na Lei algunha mención específica á prevención no ámbito laboral. En concreto no artigo 4 (programas e actuacións) debería mencionarse a función de fomento da prevención neste ámbito, a través de campañas que eviten o consumo de alcohol nos centros de traballo, xa que dito comportamento deteriora a calidade do emprego.

3.- En relación ó contido restrictivo da Lei, o CES considera que sería deseable que as limitacións que se establecen na difusión do produto (alcohol e tabaco) e, en xeral, todas aquelas que afecten ás empresas productoras, estivesen coordinadas coas outras Comunidades Autónomas co obxecto de non producir segmentacións do mercado.

4.- Dentro do aspecto limitativo do anteproxecto de Lei sometido a dictame, o CES considera cando menos equívocas determinadas expresións que deberían ter unha redacción máis precisa e coidadosa, dada a incidencia social e económica que poden ter. Como exemplos:

- Ó longo de todo o texto equipárase alcohol e tabaco. Cabería preguntarse se son realmente comparables os seus efectos a curto prazo.

- Faise continua referencia á publicidade directa ou indirecta. Cabería preguntarse o seguinte: ¿Podería considerarse publicidade indirecta toda referencia ás festas do viño ou augardente que se celebran neste país? ¿Quedarían fóra da norma por pertencer ó que este anteproxecto considera consumo tradicional?

- Na exposición de motivos dise: “(...) *caracterizado fundamentalmente polo consumo de bebidas alcohólicas de alta gradación e distintas á nosa cultura de consumo tradicional de alcohol* (...)”. Cabería preguntase se se pretende dicir que o consumo tradicional é aceptable ou incluso recomendable como alternativa.

- Nas definicións expostas no artigo 2 apartado 2 dise: “g. *Consumo: acción pola que se inxiren, inhalan, chupan ou mastigan, sos ou en combinación con outros produtos calquera dos contemplados no apartado 1 do presente artigo*”. Cabería preguntase se quere isto dicir que o consumo por vía parenteral está permitido.

- No artigo 11 expónse: “e) *Nos xornais, revistas e demais publicacións que se editen na comunidade autónoma non se poderá facer publicidade do tabaco e de bebidas alcohólicas en primeira páxina, portadas, páxinas centrais, nas destinadas a deportes ou pasatempos e naquelas seccións que, polo seu contido, estean orientadas preferentemente a menores de 18 anos*”. Cabería preguntarse o seguinte: ¿Suponse que os menores de 18 anos non len xornais ou revistas ou, no seu defecto, só miran as páxinas de deportes e pasatempos?

- No artigo 12, apartado 12 dise: “A *venda, subministración e consumo de bebidas alcohólicas, sen contar coa preceptiva autorización, durante a celebración de actos públicos en lugares pechados*”. Cabería preguntarse a quen haberá que pedir a autorización para o consumo de bebidas alcohólicas nos actos públicos en locais pechados.

5.- No artigo 37, liña 2, inclúese unha nova tipificación de infracción leve

para consumo de bebidas alcohólicas na vía pública, segundo o establecido no artigo 12.2. do anteproxecto de Lei sometido a dictame.

No artigo 38 da Lei 2/1996, do 8 de maio, de Galicia sobre drogas, establécese unha sanción que pode acadar as 500.000 pesetas.

O CES considera que para este novo tipo de infracción debería establecerse unha sanción máis equilibrada, cunha multa que non supere o grao mínimo de sanción establecido para as infracción leves recollidas no dito artigo.

**6.-** O CES considera que, para unha axeitada valoración do anteproxecto de Lei sometido a dictame, sería necesario que se tivera acompañado o mesmo da memoria xustificativa e da memoria económica, necesarias para facilita-lo entendemento e alcance do dito anteproxecto.

**7.-** Na referencia do Consello de Ministros do 24 de maio de 2002, preséntase un informe do Vicepresidente Primeiro do Goberno e Ministro do Interior sobre o Anteproxecto de Lei de Prevención do Consumo Indevido de Bebidas Alcohólicas, que remitirá, para a súa consulta, a diversos organismos.

109

O anteproxecto ten como obxectivo principal previr o consumo de alcohol entre os menores de dezaioito anos, e prohíbe o consumo na vía pública, sempre que se altere a tranquilidade cidadá, así como o consumo abusivo nos maiores de idade, co fin de protexe-la súa saúde fronte ós riscos derivados do mesmo e prevé sancións consistentes en multas, de ata 300 euros nas infraccións leves.

O anteproxecto sinala a necesidade de impulsar alternativas de ocio facilitando a utilización de centros comunitarios de tipo educativo, cultural ou lúdico, como polideportivos, bibliotecas e centros culturais. No ámbito educativo, apunta a posibilidade de incluír nos currículos de Educación Primaria e Secundaria contidos orientados á prevención fronte o consumo abusivo do alcohol.

Estas consideracións van na liña de algunhas das xá sinaladas neste dictame.

O Consello Económico e Social de Galicia considera que, en base ás previsións normativas da Administración Central sobre a Prevención do Consumo Indevido de Bebidas Alcohólicas, cómpre propoñer á Xunta de Galicia que, na tramitación do anteproxecto obxecto de dictame, teña en conta a normativa común de

memoria de actividades

ámbito estatal en preparación, no que dela resulte como lexislación básica para as Comunidades Autónomas e non invada a capacidade competencial de Galicia.

Santiago de Compostela, 3 de xuño de 2002

Vº. e P.

O PRESIDENTE

O SECRETARIO XERAL

Asdo: Luis Suárez-Llanos Gómez

Asdo: Carlos Monclús Díez de Ulzurrun

*Dictame*

**5/02**

Dictame sobre o anteproxecto de Lei de taxas, prezos, canons e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia

## **1.- ANTECEDENTES**

1.- Con data 1 de xullo de 2002, tivo entrada no Consello Económico e Social de Galicia oficio do presidente da Xunta de Galicia, sometendo á consideración deste organismo o borrador do anteproxecto de Lei de taxas, prezos, canons e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, co obxecto de que o CES emita o correspondente informe de natureza preceptiva que defina a posición dos axentes sociais e económicos representados no Consello.

2.- O texto do borrador foi remitido ós membros da Comisión sectorial nº 2: *Sector público e benestar social*, competente para emitilo dictame por razón de materia. Así mesmo, tal como establece o Regulamento de Réxime Interno do CES, deuse conta á Comisión Permanente da entrada da petición de dictame sobre o anteproxecto de Lei e do comezo dos traballos.

111

3.- Con data 2 de xullo de 2002, o seu presidente convocou á Comisión Sectorial nº 2, para o 5 de xullo, co fin de programa-las sesións e revisa-la documentación para a elaboración do dictame, polo trámite urgente.

4.- Tralo estudio do texto remitido pola Presidencia da Xunta de Galicia ó longo de varias sesións de traballo, a Comisión Sectorial nº 2, na súa sesión 12/02, de data 12 de xullo, aprobou por unanimidade a proposta de Dictame e remitiuna ó presidente do Consello para a súa tramitación.

5.- En data 8 de xullo de 2002, o presidente do Consello convocou á Comisión Permanente do mesmo, que, reunida na súa sesión 04/02, de 17 de xullo, en trámite urgente acorda convoca-lo Pleno do Consello para a aprobación do Dictame.

6.- O Pleno do CES, na súa sesión 5/02, do 24 de xullo, acorda aprobar por unanimidade o seguinte:

### **DICTAME**

***Sobre o anteproxecto de Lei de taxas, prezos, canons e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia.***

## **2.- ESTRUCTURA E CONTIDO**

1.- O obxectivo do anteproxecto de Lei de taxas, prezos, canons e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia é a adaptación da lexislación en materia de taxas e prezos da nosa Comunidade Autónoma á doutrina exposta polo Tribunal Constitucional onde establece uns criterios de definición deses conceptos distintos dos que figuran na nosa lexislación vixente.

A sentenza referida (sTC 185/1995) declaraba inconstitucionais determinados artigos que impoñían que o que ata entón eran regulados como prezos públicos e, polo tanto, quedaban fóra da órbita do principio de reserva de lei; en base a que tales figuras que reúnen as características das prestacións patrimoniais de carácter público necesitan dunha lei para o seu establecemento. Este é o criterio que se segue no anteproxecto obxecto de dictame.

112

Ademais do propósito fundamental desta Lei, que consiste en redefinilo marco de instrumentos financeiros da Comunidade Autónoma de Galicia, dando unha nova conceptualización ás figuras das taxas e os prezos e reorganizando figuras existentes en adaptación a un novo marco xurídico, tamén se crea unha nova prestación patrimonial de carácter público, denominada canons concesionais, que grava determinadas situacións de limitación ou restricción da libre competencia no mercado dos que obteñen concesións, autorizacións, licencias e demais actos de natureza análoga por parte da Administración Pública, que supoñen para os beneficiarios un aumento da capacidade económica.

2.- O anteproxecto de Lei de taxas, prezos, canons e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia estrutúrase en catro capítulos, unha Disposición Adicional, dúas Disposicións Transitorias, unha Derrogatoria e dúas Derradeiras.

O Título I: “Disposicións xerais” consta de sete artigos e contén un conxunto de disposicións comúns ó conxunto de instrumentos financeiros e reguladores que se contemplan na lei: taxas, prezos, canon ou outorgamento de concesións e exaccións e subvencións reguladoras.

O Título II: “Instrumentos financeiros” regula os instrumentos financeiros a través de 45 artigos agrupados en tres capítulos dedicados ás taxas, ós prezos públicos e ós prezos privados.

Capítulo 1º: “ Taxas”

Capítulo 2º: “ Prezos públicos”

Capítulo 3º: “ Prezos privados”

O Título III: “ Canons concesionais” regula a través de oito artigos a nova figura tributaria do canon concesional.

O Título IV: “ Instrumentos Reguladores”, regula a través de tres artigos os instrumentos reguladores, exaccións e as subvencións, xa creados pola Lei 13/1991, mantendo o réxime establecido por esta.

As tarifas ou contías a satisfacer por taxas veñen determinados nos anexos correspondentes: no primeiro as taxas por servicios administrativos, no segundo a taxa por servicios profesionais.

### **3.- CONSIDERACIÓNS XERAIS**

113

1.- O CES considera oportuna e positiva a adaptación conceptual da nosa normativa, en materia de taxas e prezos públicos da Comunidade Autónoma, á sentenza do Tribunal Constitucional (sTC 185/1995) que fai o anteproxecto de Lei sometido a dictame.

A necesidade de reserva de lei para o establecemento das “prestacións patrimoniais de carácter público” aumenta a seguridade xurídica do marco de instrumentos financeiros da Comunidade Autónoma.

2.- O CES tamén considera positiva a técnica xurídica empregada no dito anteproxecto de lei, no senso de propoñer un novo texto que derroga toda a anterior normativa e redefíne, dun xeito unitario, todo o marco de instrumentos financeiros da Comunidade Autónoma de Galicia. Dita técnica debería empregarse, por parte da Xunta de Galicia, de forma xeralizada noutras iniciativas lexislativas.

3.- O CES limita o alcance do dictame ó texto do anteproxecto de lei, non entrando a considera-los seus anexos. Neste senso, enténdese que a análise dos anexos non era posible por non dispoñer dunha memoria económica xustificativa e explicativa do seu alcance.

O CES considera necesario que os anteproxectos de lei sometidos ó seu dictame, especialmente cando, como neste caso, teñan incidencia económica, se acompañen das memorias económicas e das memorias xustificativas correspondentes.

#### **4.- CONSIDERACIÓN PARTICULARES**

**1.- O apartado 5 do artigo 16** establece que as cotas tributarias revisaranse como mínimo cada cinco anos, baseándose nos rexistros de gastos e ingresos e na correspondente memoria económico-financeira sobre o custo e a actividade realizada. Non obstante, estas cotas tributarias poderán ser actualizadas anualmente pola fluctuación dos índices dos prezos ó consumo ou por incrementos nas retribucións do persoal.

114

O CES considera que se debe de facer un esforzo para que a revisión das cotas tributarias se corresponda coa literalidade do apartado 5 do artigo 16, para reduci-lo seu impacto nos consumidores e nos custos das empresas.

**2.- O apartado 2 do artigo 24** do anteproxecto de lei sometido a dictame establece que gozará de exención da taxa por servizos administrativos a expedición de certificados e compulsa que o persoal da Administración solicite respecto a necesidades propias do posto de traballo ou relación de servizos.

O CES entende que deberían estar tamén exentos do pago da citada taxa os traballadores desempregados incluídos nalgún dos colectivos desfavorecidos que se consideran no artigo 4 da Lei 12/01, de 9 de xullo, de medidas urxentes de reforma do mercado de traballo para o incremento do emprego e a mellora da súa calidade.

Así mesmo, debería considerarse exentos do pago da citada taxa ós membros dos organismos consultivos respecto dos certificados emitidos por ditos organismos.

**3.- O artigo 41** do anteproxecto de lei regula as tarifas da taxa por utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público galego. No aparta-



do 1 do citado artigo expónse que a taxa esixírase de acordo coas tarifas relacionadas no anexo 5 do anteproxecto de lei. Sen embargo, no anexo 5 figura a taxa por ocupación de bens de dominio público como “Canon de posición de vantaxe por outorgamento de concesións”.

O CES considera que debe aclararse esta referencia para evitar confusións cos canons concesionais expostos no título III do anteproxecto de lei sometido a dictame.

Santiago de Compostela, 24 de xullo de 2002

Vº. e P.

O PRESIDENTE

O SECRETARIO XERAL

115

Asdo: Luis Suárez-Llanos Gómez

Asdo: Carlos Monclús Díez de Ulzurrun



*Dictame*

**6/02**

Dictame sobre o anteproxecto de Lei de medidas  
fiscais e de réxime administrativo

## **1.- ANTECEDENTES**

1.- En data 4 de outubro tivo entrada no Consello Económico e Social oficio do presidente da Xunta de Galicia remitindo, para o seu preceptivo dictame por este organismo, o borrador do anteproxecto de Lei de medidas fiscais e de réxime administrativo.

2.- O texto do borrador foi enviado, nesa mesma data, ó presidente e ós membros da Comisión Sectorial nº1: *Economía, emprego e sectores productivos*, competente por razón da materia, para a elaboración da correspondente proposta de Dictame. Así mesmo, tal como establece o Regulamento de Réxime Interno do CES, deuse conta á Comisión Permanente, con data 4 de outubro, da entrada de solicitude de dictame.

117

3.- Con data 4 de outubro, o seu presidente convoca á Comisión sectorial nº1 para o martes 8 de outubro, co fin de inicia-los traballos de reflexión sobre a proposta de dictame.

4.- A Comisión Sectorial, na súa sesión 14/02, acorda aprobar por unanimidade a proposta de Dictame, con data 17 de outubro, e a remite ó presidente do Consello para a súa tramitación.

5.- O presidente do CES, de acordo coa Comisión Permanente do organismo, convoca ó Pleno do Consello, que na súa sesión 6/02 de 21 de outubro, e tras coñecer-lo texto remitido, acorda aprobar por unanimidade o seguinte

DICTAME

*sobre o anteproxecto de Lei de medidas fiscais e de réxime administrativo.*

## **2.- ESTRUCTURA E CONTIDO**

O Anteproxecto sometido a dictame está estruturado en dous Títulos, con vinte e seis artigos, catro Disposicións Adicionais, unha Disposición Transitoria e dúas Disposicións Derradeiras.

Con este Anteproxecto de Lei modifícanse as seguintes leis:

- Lei 3/1985, do 12 de abril, do patrimonio da Comunidade Autónoma galega.
- Lei 14/1985, do 23 de outubro, reguladora dos xogos e apostas de Galicia.
- Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.
- Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia.
- Lei 8/1993, do 23 de xuño, reguladora da Administración Hidráulica de Galicia.
- Lei 4/1994, do 14 de setembro, de estradas de Galicia.
- Lei 8/1995, do 30 de outubro, do patrimonio cultural de Galicia.
- Lei 10/1997, do 22 de agosto, de residuos sólidos urbanos.

118

No Título I da Lei, referente ás normas tributarias, e en exercicio das competencias que corresponden á Comunidade Autónoma, establécese unha redución na base imponible do Imposto sobre sucesións e doazóns nos casos de transmisión inter vivos de participacións ou de dereitos de usufructo sobre explotacións agrarias, así como nos casos de transmisións de igual carácter que afecten a empresas individuais, negocios profesionais ou a participacións en entidades.

No que respecta á taxa sobre xogos de sorte, envite ou azar, determínanse os tipos de gravame e as cotas fixas aplicables nos casinos de xogo e nas máquinas recreativas.

No ámbito da xestión tributaria establécense normas específicas que afectan á xestión do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, e do imposto sobre sucesións e doazóns.

No Título II: “Normas de réxime administrativo”, inclúense unha serie de normas que inciden sobre diferentes áreas da actuación administrativa.

En materia de persoal modifícanse varios artigos da Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia, para clarifica-lo marco de distribución de

competencias actualmente existente, incorporando as modificacións previamente recollidas na normativa estatal con carácter básico.

No referente á xestión financeira e orzamentaria as modificacións que afectan ó texto refundido da Lei, aprobado polo Decreto Lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, perseguen unha maior precisión no enunciado dalgunha das causas de interrupción da prescrición dos dereitos da Facenda autonómica, e a maior operatividade en relación coas limitacións existentes para a transferencia de créditos, que non deben afectar a determinados supostos expresamente previstos na Lei.

Dentro do capítulo de persoas, atribúeselle ó Servicio Galego de Saúde a competencia para autoriza-las modificacións necesarias para adaptar ás necesidades dos centros de xestión os cadros de persoal non incluído nas relacións de postos de traballo, sempre que non se orixine un incremento dos créditos asignados a cada centro.

Aborda tamén a adaptación de diversos artigos da Lei 4/1994, do 14 de setembro, de estradas de Galicia. Entre as novidades figura a referente á autorización de obras non previstas nos correspondentes plans pero revestidas dun carácter urxente ou excepcional; a relativa á posibilidade de acometer directamente a construción e a explotación de estradas por medio de sociedades públicas autonómicas; a que trata da delimitación legal do contrato de concesión de obras públicas; e a inclusión das transferencias de fondos públicos entre os recursos que, baixo determinadas condicións que a propia Lei especifica, poden contribuír ó financiamento dos concesionarios da construción e explotación das estradas.

119

Polo que respecta ó patrimonio da Comunidade autónoma as modificacións introducidas na Lei 3/1985, do 12 de abril, posibilitan que os acordos de alleamento, podan incluí-la autorización de contratos de alugueiro financeiro dos bens a allear, cando se considere procedente que sigan sendo utilizados temporalmente polos servicios administrativos.

Finalmente, e dentro das Disposicións adicionais, establécese unha prestación familiar por coidado de fillos menores, prevista para os casos nos que as persoas que os tiveran ó seu cargo non estivesen obrigadas a presenta-la declaración polo imposto sobre a renda das persoas físicas.

Con finalidades de fomento empresarial autorízase un réxime especial de alleamento de solo industrial por parte do Instituto Galego de Vivenda e Solo. Respondendo á conveniencia de adaptar ó réxime dos consorcios previstos na Lei de administración local de Galicia, o do consorcio de xestión contemplado na Lei

10/1997, do 22 de agosto, de residuos sólidos urbanos, introdúcense nesta última as modificacións necesarias.

### **3.- OBSERVACIÓNS XERAIS**

1.- Resulta obrigado de novo manifestar que o prazo requirido no trámite de urxencia para a emisión de Dictame implica unha celeridade na análise dun texto tan complexo como o deste Anteproxecto que vai en detrimento do resultado esperado do labor consultiva do Consello. Polo tanto, o CES quere que se teña en conta que a ausencia de observacións particulares a algunha norma non implica necesariamente a conformidade co seu contido.

120

2.- O CES reitera a consideración de que a técnica lexislativa que supón o uso dunha lei para regular un conxunto de materias dispares impide ó Consello realizar unha avaliación global dos textos obxecto de Dictame.

Esta dificultade estendese á posibilidade dunha maior profundización no alcance das modificacións propostas que podería producirse na tramitación ordinaria da totalidade da Lei modificada no Parlamento. A dispersión normativa producida por este procedemento dificulta, en definitiva, ós cidadáns o coñecemento completo e inmediato das normas que lles afectan.

Neste senso, as modificacións puntuais da Lei 4/1988, do 26 de maio, da Función Pública de Galicia, dificultan un debate global da Lei. Neste senso, regúlanse cuestións de competencias respecto á situación de adscrición profesional, sen poderse debater conceptualmente dita situación administrativa.

O CES valora positivamente que nas modificacións de dita Lei se tivesen en conta as consideracións efectuadas por este Consello no Dictame 1/02 sobre o anteproxecto de Lei de medidas de réxime fiscal e administrativo 2002, no que se consideraba necesario dar cabida á introducción das melloras establecidas na Lei 39/1999, de 5 de novembro, de Conciliación da vida laboral e familiar das persoas traballadoras (Observación xeral 2, Dictame 1/02).

3.- Para valora-lo alcance e significado das Leis modificadas, sería necesario que se acompañase unha memoria explicativa e económica que clarifícase e

cuantifícase a repercusión das medidas propostas. Neste senso cabe preguntarse a orixe do salto cuantitativo da modificación do artigo 15: “Alleamento de bens inmuebles” e o impacto que nos presupostos de ingresos da Comunidade Autónoma tería a reserva da xestión do xogo das loterías para unha sociedade pública.

4.- Na modificación da Lei 4/1994, do 14 de setembro, de estradas de Galicia, establécense dúas posibilidades na construción e explotación das estradas: en virtude de concesión ou a través dunha Sociedade Pública Autonómica.

Na modificación da Lei 14/1985, do 23 de outubro, reguladora dos xogos e apostas de Galicia, establécese a posibilidade de reserva-la xestión do xogo das loterías a un organismo ou sociedade pública da Comunidade Autónoma.

O CES considera que a posibilidade de xestión a través de sociedades públicas autonómicas debería utilizarse naqueles supostos nos que non sexa posible acadar unha oferta adecuada da iniciativa privada.

121

5.- O CES considera que o incremento na oferta de xogos e apostas fai necesario extremar a cultura preventiva e o cumprimento dos requisitos previstos na Lei 14/1985, do 23 de outubro, reguladora dos xogos e apostas de Galicia, tanto nas autorizacións administrativas previas coma no seu control posterior e aplicación do seu réxime disciplinario para prever os posibles efectos negativos da súa práctica.

#### **4.- OBSERVACIÓNS PARTICULARES**

##### **1.- Art. 1.- “Reducións na base imponible do Imposto sobre sucesións e doazóns”**

No **artigo 1** expóñense os casos nos que é posible optar á redución na base imponible do imposto sobre sucesións e doazóns nas transmisións “inter vivos” dunha explotación agraria e dos seus elementos, e dunha empresa individual, un negocio profesional ou de participacións en entidades

O CES considera que debería estudiarse, dentro das circunstancias a considerar como mellora da redución, tanto no caso de explotacións agrarias e os seus elementos como de empresas individuais, negocios profesionais ou participación de entidades, a capacidade de mante-lo emprego estable.

No **apartado 1d)** de dito artigo, establécese como condición para aplicación da redución na base imponible nos casos de transmisións de participacións inter vivos dunha explotación agraria situada en Galicia ou de dereitos de usufructo, que o adquirente manteña a súa condición de agricultor profesional durante 5 anos.

O concepto de "agricultor profesional" está definido no artigo 2 da Lei 19/1995, de 4 de xullo, de Modernización das Explotacións Agrarias; o CES considera necesario facer referencia a dita Lei na concreción de dita definición e amplia-lo tamén para o concepto de agricultor a título principal.

122

No **apartado 2 b)** do artigo 1, expónse que unha das condicións para poder aplicarse a redución na base imponible do Imposto sobre Sucesións e Doazóns no caso de transmisións de participacións inter vivos dunha empresa individual, negocio profesional, ou de participacións en entidades, é que o doador viñese exercendo funcións de dirección, deixara de exercer e de percibir remuneracións polo exercicio das devanditas funcións dende o momento da transmisión.

O CES entende que se debería de clarificar a citada redacción, xa que no caso dunha empresa individual o feito de exercer funcións de dirección non está necesariamente ligado á percepción de remuneracións polo dito exercicio.

No **apartado 2 d)** de dito artigo establécese que para poder practicarse a dedución debe concorrer a circunstancia, entre outras, de que á empresa individual, ó negocio profesional ou ás participacións lles sexa de aplicación a exención regulada no apartado 8 do artigo 4 da Lei 19/1991, do 6 de xuño, do Imposto sobre o Patrimonio, onde se dispón que a participación do suxeito pasivo no capital debe ser ó menos do 15% computado de forma individual.

O CES considera que, dada a estrutura da empresa galega, debería estudiarse a posibilidade de reduci-la dita participación mínima do 15% computada de forma individual ó 5%, tal como ocorre noutras comunidades autónomas.

No **apartado 4** do artigo 1 estipúlase que, en caso de que se deixase de cumprir algún dos requisitos que deron lugar á exención do imposto, deberá pagarse a parte do imposto que se deixou de pagar como consecuencia da dedución así como os xuros de demora.



O CES considera que no caso de incumprimento dos requisitos de permanencia da adquisición ou mantemento do centro de xestión, domicilio fiscal ou o dereito á exención no Imposto sobre o Patrimonio, o pago do imposto que se deixase de ingresar como consecuencia da dedución practicada debe aplicarse o interese legal do diñeiro ó tempo transcorrido dende a data tope do ingreso inicial e a data tope establecida na resolución por incumprimento de ditos requisitos.

## **2.- Art. 10.- “*Desempeño da función docente (...)*”**

No artigo 10 establécese a posibilidade de que os funcionarios dos Corpos de Profesores de Ensinanza Secundaria e Profesores Técnicos de Formación Profesional podan desempeñar funcións nos ámbitos da Formación Profesional ocupacional e continua.

O CES considera que, se ben a modificación avanza na necesaria integración dos distintos subsistemas de formación, debe considerarse na reforma proposta a necesaria adaptación pedagóxica do profesorado de ensinanza secundaria e formación profesional, especialmente tendo en conta que os colectivos destinatarios da formación FIP e continua son distintos ós da formación secundaria e formación profesional.

123

Por outra banda, non deben introducirse nos futuros desenvolvementos regulamentarios diferenzas retributivas para as mesmas funcións docentes, dependendo do único criterio da procedencia do formador de algún dos corpos que menciona a reforma.

## **3.- Art. 11.- “*Escala de vixilancia e inspección do patrimonio cultural de Galicia*”.**

O artigo 11 do Anteproxecto de Lei modifica a disposición adicional sexta da Lei 8/1995, do 30 de outubro, do patrimonio cultural de Galicia.

O CES considera positiva a redacción da modificación proposta en canto á fórmula de acceso e á creación da escala de vixilancia e inspección do patrimonio cultural e recomenda que se xeneralice este procedemento en sucesivas creacións de escalas.

## **4.- Art. 18.- “*Construcción de estradas*”.**

O artigo 18 do Anteproxecto de Lei modifica o artigo 19 da Lei 4/1994, do 14 de setembro, de estradas de Galicia.

O CES considera que, en vez da modificación proposta da Lei, debería definirse un procedemento de revisión periódica do Plan de Estradas de Galicia e, en todo caso, que a realización ou execución de obras non previstas no citado Plan debería estar aprobada polo Consello da Xunta, co coñecemento previo da Comisión Parlamentaria correspondente.

#### **5.- Art. 20.- “Financiamento de estradas”.**

O artigo 20 engade un novo artigo 21 bis á Lei 4/1994, do 14 de setembro, de estradas de Galicia.

O CES entende que, dado o contido deste artigo, sería máis adecuado titular este artigo como “O contrato de concesión de Obras Públicas”, para evita-la coincidencia co título do artigo 19.

124

#### **6.- Art. 23.- “Autorización administrativa previa”.**

##### **Art. 24.- “Competencias do Consello da Xunta”.**

O artigo 23 modifica o apartado g) do artigo 6 e o artigo 24 engade un apartado d) ó artigo 22 da Lei 14/1985, do 23 de outubro, reguladora de xogos e apostas de Galicia.

O CES considera que debería clarificarse a qué loterías se refire a autorización considerada en ditos artigos e, en todo caso, se se refire exclusivamente á lotería instantánea electrónica regulamentada nos artigos 7 ó 13 da Lei 14/1985, debería ser explicitado na redacción de dita modificación.

#### **7.- Disposición adicional 1ª.- “Prestacións familiares por coidado de fillos menores”.**

A Disposición Adicional primeira establece o dereito a percibir unha prestación por fillo menor a cargo.

O CES valora positivamente o contido desta Disposición Adicional, que supón un cambio de filosofía no apoio á familia, como se recomendou no Dictame 1/02 sobre o anteproxecto de Lei de medidas de réxime fiscal e administrativo 2002, así como no Informe-opinión sobre o Plan de Revitalización Demográfica de Galicia: “débase complementa-lo mecanismo de medidas fiscais de apoio ó fomento da natalidade con mecanismos alternativos de axudas directas ós fillos a

través dunha prestación social directa, en proporción á renda dos beneficiarios e cun límite de renda máximo xenérico".

O CES entende que, aínda sendo positivo o cambio de filosofía, debería facerse un esforzo maior no importe da prestación monetaria, xa que a proposta considérase insuficiente e debería graduarse en función da renda dos beneficiarios.

O CES considera que a redacción deste precepto elimina a posibilidade de axuda a persoas que, en situación de acollemento, se dediquen ó coidado de menores. Unha redacción máis flexible sería a de considera-la prestación para "aquelas persoas que tivesen a cargo menores de tres anos".

**8.- Disposición Adicional 2ª.- *"Alleamento de solo empresarial polo Instituto Galego da Vivenda e Solo"*.**

Esta Disposición Adicional autoriza ó IGVS para que o alleamento de solo empresarial se poida efectuar con pagamento aprazado non superior a dez anos e sen repercusión de intereses.

125

O CES considera que as condicións ós adquirentes finais das parcelas deberían ter unha discriminación positiva, partindo do mínimo establecido de 10 anos, ata acada-los 15 anos en función da situación territorial do solo industrial ofertado.

Santiago de Compostela, 21 de outubro de 2002

Vº. e P.

O PRESIDENTE

O SECRETARIO XERAL

Asdo: Luis Suárez-Llanos Gómez

Asdo: Carlos Monclús Diez de Ulzurrun



*Dictame*

**7/02**

Dictame sobre o anteproxecto de Lei de ordenación sanitaria de Galicia

## **1.- ANTECEDENTES**

1.- En data 14 de outubro tivo entrada no Consello Económico e Social oficio do presidente da Xunta de Galicia remitindo, para o seu preceptivo dictame por este organismo, o borrador do anteproxecto de Lei de Ordenación Sanitaria de Galicia.

2.- O texto do borrador foi enviado, nesa mesma data, ó presidente e ós membros da Comisión Sectorial nº2: *Sector público e benestar social*, competente por razón da materia, para a elaboración da correspondente proposta de Dictame. Así mesmo, tal como establece o Regulamento de Réxime Interno do CES, deuse conta á Comisión Permanente, con data 14 de outubro, da entrada de solicitude de dictame.

127

3.- Con data 14 de outubro, o seu presidente convoca á Comisión Sectorial nº 2 para o xoves 17 de outubro, co fin de inicia-los traballos de reflexión sobre a proposta de dictame. A petición da Consellería de Sanidade, a Comisión Sectorial tramita este dictame polo procedemento de urxencia.

4.- A Comisión Sectorial, na súa sesión 17/02, acorda aprobar por unanimidade a proposta de Dictame, con data 8 de novembro, e a remite ó presidente do Consello para a súa tramitación.

5.- O presidente do CES, de acordo coa Comisión Permanente do organismo, convoca ó Pleno do Consello, que na súa sesión 7/02, de 15 de novembro, e tras coñece-lo texto remitido, acorda aprobar por unanimidade o seguinte

## **DICTAME**

***sobre o anteproxecto de Lei de Ordenación Sanitaria de Galicia.***

## **2.- ESTRUCTURA E CONTIDO**

O Anteproxecto sometido a dictame está estruturado en dez Títulos, con 158 artigos, dúas Disposicións Adicionais, dúas Disposicións Transitorias, unha Disposición Derrogatoria e dúas Disposicións Finais.

O Estatuto de Autonomía de Galicia confírelle a esta Comunidade plena capacidade para o desenvolvemento lexislativo e a execución da lexislación básica do Estado en materia de sanidade interior. No exercicio destas competencias, promúlgase esta Lei, que ten por obxecto a ordenación do Sistema Sanitario de Galicia, así como a regulación de cantas actuacións permitan facer efectivo o dereito dos cidadáns á protección da saúde no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

128

Para estes efectos, a Lei verteбра o Sistema Sanitario de Galicia ó abeiro dos principios de orientación ós cidadáns e participación social, concepción integral da saúde, universalidade do dereito ás prestacións de cobertura pública, promoción da equidade e o equilibrio territorial no acceso ás prestacións e servizos sanitarios, calidade dos servizos, cooperación entre tódolos axentes que integran o Sistema, e seguridade, efectividade e eficiencia no desenvolvemento das súas actuacións, entre outros.

Nesa vertebración, recoñécese a importancia da actividade sanitaria privada para a universalidade do exercicio dos dereitos á prestación dos servizos de saúde, a promoción e o exercicio da equidade e o seu equilibrio territorial. Configúrase así o Sistema como mixto.

Neste contexto, o Título I, relativo ás disposicións preliminares, define o seu obxecto e alcance, así como o papel institucional atribuído á Xunta de Galicia.

O Título II define o Sistema Sanitario de Galicia, que engloba toda a sanidade galega, pública e privada; enumera as funcións que neste ámbito xeral competen á Xunta de Galicia, e establece os principios que inspiran o Sistema Sanitario da Comunidade.

O Título III establece as competencias sanitarias das distintas Administracións públicas, tanto polo que se refire á Xunta de Galicia, e ás entidades locais. Ademais este Título regula as actuacións da Xunta de Galicia en relación coa Unión Europea, as relacións de cooperación co Estado e con outras Comunidades Autónomas e coas comunidades galegas no exterior en materia sanitaria.

Para o adecuado desenvolvemento das competencias que no ámbito sanitario corresponden á Comunidade Autónoma de Galicia, establécese o Servicio Galego de Saúde, á regulación do cal se ordena o Título IV desta Lei. O Servicio Galego de Saúde configúrase como un organismo autónomo de natureza administrativa, dotado de personalidade xurídica propia e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins, adscrito á Consellería de sanidade e integrado por tódolos centros, servicios e establecementos sanitarios de titularidade da Administración autonómica galega.

A convicción de que non pode haber xestión adecuada dos recursos sanitarios públicos sen que previamente se identificasen as principais necesidades sanitarias da poboación, levou a dedicarlle un capítulo completo dentro do Título V ó Plan de Saúde de Galicia, que se configura como un instrumento superior de planificación e dirección do Sistema Sanitario de Galicia. Neste mesmo Título abórdanse as actuacións en materia de saúde que efectúan as Administracións sanitarias de Galicia.

Os obxectivos de garantía e seguridade xurídica que inspiran esta Lei esixen que se determinen as prestacións sanitarias financiadas pola Xunta de Galicia nas súas modalidades asistenciais, ámbito ó que se dedica o Título VI desta Lei. Dentro dese ámbito inclúense a atención primaria, a atención especializada, as prestacións farmacéuticas e complementarias, así como os servicios de información e documentación sanitaria.

129

O Título VII contempla a existencia do Consello Galego de Saúde e as comisións de participación cidadá no ámbito das áreas sanitarias, cunhas normas de organización e de funcionamento que se establecerán regulamentariamente.

O Título VIII está dedicado ó establecemento e regulación dos dereitos e deberes dos cidadáns no ámbito do Sistema Sanitario de Galicia.

O Título IX regula as infraccións e sancións, a súa tipificación, cualificación e gradación, a competencias para a imposición destas, as medidas cautelares para asegura-lo cumprimento da sancións, así como a súa prescrición e caducidade.

Finalmente o Título X dedicado á docencia, formación e investigación sanitarias, precisa o papel dos distintos axentes que interveñen neste ámbito e regula a colaboración entre os centros sanitarios e as universidades. Dentro deste Título régúlase a Escola Galega de Administración Sanitaria, fundación pública adscrita á Consellería de sanidade da Xunta de Galicia, á que competen contidos como a docencia e a investigación en administración e xestión sanitaria, sociosanitaria e de saúde pública.

### **3.- OBSERVACIÓNS XERAIS**

1.- O CES no seu Informe 3/99 sobre *A situación sanitaria de Galicia* expuxo a seguinte consideración: “*O **sistema sanitario público**, como instrumento de garantía do dereito constitucional e subxectivo á protección da saúde e o seu desenvolvemento actual a través da Ley General de Sanidad, forma parte fundamental das políticas de protección social e está solidamente enraizado no noso acervo cultural e na nosa estrutura económica e social.*

*As necesarias adaptacións do sistema sanitario público ás diferentes situacións históricas (económicas, sociais e culturais), para seguir mantendo a súa lexitimidade no cumprimento dos principios constitucionais de equidade, eficiencia e economía, deben instrumentarse a través do pacto social e do consenso político”.*

130

Este dictame trata de contribuir ó necesario pacto social no importante Anteproxecto de Lei de Ordenación Sanitaria que se somete a súa consideración.

2.- O CES mantén como consideracións xerais deste dictame as seguintes consideracións aprobadas por unanimidade no devandito Informe 3/99, sobre a situación sanitaria de Galicia, que afectan ó contido do Anteproxecto de lei a dictame:

*“A **área sanitaria** considérase como o marco territorio-poboacional onde se integran e se coordinan os recursos dos diferentes niveis asistenciais, financiados publicamente, á fronte do cal debe constituírse unha autoridade sanitaria responsable de garanti-la equidade e a calidade da atención integral e continua á poboación, con criterios de participación social.” (Cfr. art. 7º anteproxecto de Lei).*

3.- “*A demanda de asistencia sanitaria pública que é cuberta na actualidade, mediante financiación pública, coa provisión e produción complementaria de servizos sanitarios por parte do **sector sanitario privado** acada o 7% do gasto sanitario público da comunidade autónoma. Coa colaboración do sector sanitario privado, o sistema público consegue absorbe-los excesos de demanda de asistencia sanitaria pública sobre a oferta de provisión e produción pública existente.*

*Considérase necesario articular mecanismos de acreditación que faciliten a avaliación da calidade asistencial do sector sanitario privado concertado e a transparencia dos indicadores cuantitativos e cualitativos dos distintos servizos*



sanitarios prestados, de xeito que sexa posible a súa comparación co sector público, a súa racionalización e a súa mellora.” (Cfr. art. 10º anteproxecto de Lei).

**4.-** “Asumindo a necesidade de introducir cambios nos **sistemas de organización e xestión dos dispositivos asistenciais** que, preservando os principios de equidade e calidade da oferta sanitaria pública, signifiquen melloras na eficiencia e na lexitimación social (eficacia social) do propio sistema sanitario público diante dos cambios culturais, sociais e económicos da sociedade, considérase que a implantación ou funcionamento das novas formas de organización e xestión deberían garanti-los seguintes requisitos:

- a) mante-lo carácter de servicio público;
- b) coherencia co entorno da área sanitaria onde se integren, cos seus fins e cos seus procedementos de avaliación e control público;
- c) non xeneraliza-la implantación das actuais experiencias destas novas formas de organización e xestión sen un exhaustivo seguimento e avaliación, comprobando se están a cumprir cos obxectivos para as que foron establecidas.
- d) desenvolvemento e aplicación do marco xurídico básico estatal e da Comunidade Autónoma, como garantía de equidade e transparencia da súa xestión”. (Cfr. art. 69º anteproxecto de Lei).

131

**5.-** “Os instrumentos básicos de actuación na reforma da **atención primaria** son os seguintes:

- a) afondar na autonomía da atención primaria das áreas sanitarias potenciando a participación e implicación dos profesionais na xestión;
- b) flexibilizar e optimiza-la distribución temporal dos dispositivos da atención primaria para potencia-la súa accesibilidade;
- c) integrar como obxectivos ordinarios da actividade dos centros de atención primaria os elementos relacionados coa calidade e co consumo racional de recursos;
- d) potencia-las funcións do persoal de enfermería e introducir novos perfís profesionais de apoio á atención primaria;
- e) facer posible que as áreas de atención primaria podan actuar como “demandantes” de servicios en atención especializada. Neste senso, poden ensaiarse novas formas de xestión que supoñan unha asignación presupostaria ás áreas de atención primaria para o financiamento dos servicios que demanden da atención especializada”. (Cfr. art. 94º anteproxecto de Lei).

**6.-** “Os instrumentos básicos de actuación para mellora-la **atención especializada** son os seguintes:

a) orientación cara ó paciente, co obxecto de evitar esperas e traslados innecesarios, mellora-los aspectos de hostalería dos hospitais, facilitando ó acompañamento e mellorando os sistemas de información, impulsa-las modalidades de prestacións sen ingresos e incrementa-la atención domiciliaria;

b) mantemento das accións permanentes sobre as listas de espera, co obxecto de conseguir tempos de espera razoables para cada técnica diagnóstica o terapéutica;

c) mantemento das accións permanentes sobre o control das infeccións nosocomiais, co obxecto de consolidar unhas rateos razoables nestas actividades;

d) potenciación dos sistemas de información, investigación e docencia;

e) potenciación da participación e implicación dos profesionais na xestión;

f) actualización e adecuación dos recursos humanos e materiais dos hospitais, como elementos básicos que definen a viabilidade dos centros e

g) flexibilización e optimización da distribución temporal dos dispositivos de atención especializada para potencia-la súa accesibilidade”. (Cfr. art. 100º anteproxecto de Lei).

132

**7.- “Atención sociosanitaria.** Tanto a atención primaria como a especializada vense na obriga de realizar diversos servicios e prestacións debido tanto a unha asistencia domiciliaria insuficiente como á existencia de lagoas legais na nosa política de benestar social. Os casos máis rechamantes prodúcense, na atención especializada, coa ocupación de camas de agudos por parte de enfermos crónicos, que, claramente, non deberían estar atendidos en ese nivel asistencial.

Unha posible solución a ese respecto é que, como sucede nos países escandinavos, a asistencia domiciliaria puidera ser transferida ós municipios. Cómpre promover-lo debate e o estudio sobre as actuacións do sector público e do sector privado na prestación dos servicios sociosanitarios, que, en todo caso, deben garanti-los principios constitucionais de equidade, eficiencia e economía na atención sociosanitaria”. (Cfr. art. 104º anteproxecto de Lei).

**8.- “As liñas de actuación sobre a prestación farmacéutica** pretenden mante-la calidade nos bens obxecto da prestación e conte-lo gasto farmacéutico. Para avanzar positivamente nesta relación, e tendo en conta que as listas de fármacos excluídos non son un procedemento con capacidade suficiente para conter, por si só, ese gasto, parece conveniente recomenda-la continuidade e o perfeccionamento dos instrumentos seguintes:

a) promover aínda máis o uso racional dos medicamentos, formando ó persoal sanitario e facendo que a información sexa comprensible para os usuarios;

b) fomenta-la prescripción de medicamentos xenéricos e a información sobre prezos de referencia;

*c) impulsa-la elaboración de instrumentos que axuden á prescripción e ó consumo racional de recursos e*

*d) potencia-los sistemas de información exhaustiva tanto do perfil fármaco-prescriptor dos facultativos como dos consumos particulares dos usuarios”.(Cfr. art. 110º anteproxecto de Lei).*

**9.-** *“Considérase necesario que os **consellos sociais das áreas sanitarias** sexan os órganos de conexión entre as instancias sanitarias e as necesidades e demandas da sociedade que as sustentan e ás que aquelas deben servir. Os ditos consellos deberán configurarse como órganos colexiados sanitarios que garantan a participación da sociedade galega no sistema sanitario público.*

*As funcións dos consellos sociais das áreas sanitarias deben abranguer desde a verificación da adecuación das actuacións de ditos dispositivos na área de saúde ás directrices da política sanitaria ata o estudio dos problemas específicos da mesma, co fin de lexitimar socialmente a actuación do sistema sanitario público”. (Cfr. art. 124º anteproxecto de Lei).*

133

**10.-** Nunha primeira valoración xeral, cómpre subliñar que o Anteproxecto de Lei de Ordenación Sanitaria de Galicia sometido a dictame supón o desenvolvemento das competencias en materia de ordenación sanitaria, aprazadas ó longo de máis dunha década –desde a asunción das transferencias sanitarias– e que coincide co anuncio dunha Lei básica para garanti-la coordinación e calidade no Sistema Nacional de Saúde.

#### **4.- OBSERVACIÓNS PARTICULARES**

**1.-** O **artigo 2** do Anteproxecto de Lei de Ordenación Sanitaria establece o alcance da Lei.

O CES considera que nos apartados 1 e 2 deste artigo debería establecerse que o alcance do Anteproxecto de Lei é o desenvolvemento da Lei 14/86, de 25 de abril, Xeral de Sanidade, no sector sanitario da Comunidade Autónoma, diferenciando o sector público do sector privado, nos seguintes ámbitos de regulación:

1. A regulación das competencias do sector público sanitario de Galicia en materia de planificación, ordenación territorial e funcional, e xestión das estrutu-

ras, actividades, servicios e prestacións públicas que teñan por fin a educación sanitaria, a promoción e protección da saúde, a prevención da enfermidade, a asistencia sanitaria, a rehabilitación e a reinserción social dos doentes.

2. O desenvolvemento da normativa básica en relación co sector privado e os requisitos de acreditación para a súa concertación ou vinculación con carácter de complementariedade e subsidiariedade respecto ó sistema sanitario público de Galicia.

O CES considera que, unha vez delimitados os ámbitos do sector público e do sector privado, o concepto de Sistema Sanitario debería reservarse para o sistema sanitario público de Galicia, no senso de que este concepto fai referencia a un conxunto estruturado de recursos, actividades, servicios e prestacións financiados públicamente, que se coordinan e complementan baixo unha mesma dirección estratéxica para o logro do obxecto deste anteproxecto de Lei.

134

Neste senso, o concepto de Sistema Sanitario Público debería substituír ó concepto de Rede Galega de Atención Sanitaria de Utilización Pública. No Sistema Sanitario Público deberían diferenciarse claramente os recursos públicos integrados nel dos recursos do sector privado que, financiados públicamente, e con carácter subsidiario e complementario, poidan estar vinculados ou concertados co sector público, previo cumprimento dos requisitos de acreditación, para acadalo obxecto deste anteproxecto de Lei.

O CES considera que esta simplificación na conceptualización clarificaría o contido do anteproxecto e afectaría ós conceptos desenvolvidos no seu Título II, capítulos segundo, terceiro e cuarto.

**2.- O artigo 4** do Anteproxecto de Lei sometido a dictame define o Sistema Sanitario Público de Galicia e establece as súas finalidades.

O CES considera necesario engadir, como finalidade do Sistema Sanitario Público de Galicia, a “reinserción social” para complementalo marco de orientacións da actividade das Administracións Públicas Sanitarias establecida no art. 6 da Lei Xeral de Sanidade.

**3.- O artigo 5** do Anteproxecto sometido a dictame expón as funcións de carácter estratéxico da dirección do Sistema Sanitario Público de Galicia.

O CES considera que, en congruencia coa observación particular 1ª, o Sistema Sanitario Público de Galicia non pode ter unha dirección como tal, senón que o Anteproxecto debería ordena-los principios xerais para o seu funcionamento así como tutela-los ditos principios. Neste senso, o CES considera máis axeitado utiliza-lo concepto de “*ordenación e tutela*” en vez do de “*dirección*”.

**4.-** A ordenación territorial da sanidade expónse no **artigo 7** do Anteproxecto de Lei.

O CES valora positivamente a ordenación territorial proposta no Anteproxecto de Lei sometido a dictame. Sen embargo, bótase en falta un artigo que responda realmente á definición dunha ordenación territorial, antes de entrar na definición das partes de tal ordenación.

Neste senso, no **apartado 2** deste artigo establécese a equivalencia entre as áreas sanitarias e as áreas de saúde da Lei Xeral de Sanidade, pero non se definen os criterios básicos para establece-los seus límites no senso da Lei Xeral de Sanidade, que eviten constituir macroáreas dende o punto de vista xeográfico ou demográfico. O CES considera que debería manterse como límite máximo orientador os 250.000 habitantes.

135

No **apartado 4** do artigo 7 faise unha atribución ás áreas da xestión unitaria de todo-los seus recursos. O CES considera trascendente e positiva esta atribución entendida máis como a capacidade de intervir na dirección superior e na coordinación real de tódolos recursos públicos da área que no senso de configurar unha única unidade de xestión en si mesma. Así parece asumilo o propio Anteproxecto no **apartado 6** deste artigo, cando habilita a posibilidade de crear outros ámbitos de xestión diferenciados dentro da mesma área. A xestión directa debería ser competencia dos centros sanitarios públicos e definirse en función de criterios de extensión das prestacións, de extensión dos recursos públicos dispoñibles, e de garantía da calidade asistencial ofrecida. Neste senso, non parece adecuada a referencia do **apartado 6** a unhas estruturas virtuais denominadas “*dispositivos sanitarios*”.

**5.-** O **artigo 8** do Anteproxecto de Lei de Ordenación sanitaria define e delimita os Distritos Hospitalarios.

O CES considera que os distritos hospitalarios deben vincularse á existencia dun hospital público, sen prexuízo da determinación de servizos de referencia para ámbitos xeográficos máis amplos.

**6.- O artigo 9** do Anteproxecto de Lei de Ordenación Sanitaria define e delimita as Zonas de atención primaria.

O CES considera que debería concretarse neste Anteproxecto de Lei a delimitación das zonas de atención primaria e non trasladar a nivel regulamentario a facultade de poder rebaixar los criterios definidos no artigo 63 da Lei Xeral de Sanidade.

**7.-** Os principios polos que se debe rexer a actividade sanitaria privada están expostos no **artigo 10** do Anteproxecto de Lei.

O CES considera que, coa integración no sistema sanitario público dos *“recursos, actividades, servicios e prestacións, de natureza pública ou privada, financiados publicamente”*, proposta neste anteproxecto, trátase de compaxinar a privatización da xestión coa protección do dereito constitucional de protección da saúde e á atención sanitaria, e se supera o marco previsto no Título IV da Ley General de Sanidad e o principio de “subsidiariedade” na prestación de servicios a través dos medios privados.

O CES considera que é necesario manter a subsidiariedade e complementariedade do sector privado respecto do sector público á hora de garantir o dereito constitucional á protección da saúde de toda a poboación.

Neste senso, o sector sanitario público debería acadar unha dimensión que permita unha cobertura suficiente, universal e de calidade a toda a poboación, capaz de garantir este dereito cos seus propios medios e recursos, sen prexuízo dos dereitos ó libre exercicio das profesións sanitarias e da liberdade de empresa que a Constitución e a Lei Xeral de Sanidade xa deixaron sancionados.

O CES considera a importancia do sector sanitario privado en Galicia, ó que en todo caso, poderase acudir cando as necesidades asistenciais o xustifiquen, trala utilización óptima dos recursos sanitarios públicos e sempre que as dispoñibilidades económicas do sector público o permitan.

Neste anteproxecto debería desenvolverse a normativa básica no ámbito da Comunidade Autónoma de tódolos aspectos relativos á acreditación, vinculación ou concertación de centros privados con carácter subsidiario e complementario á rede do sistema sanitario público de Galicia, establecéndose os contidos mínimos dos mesmos: calidade homologable á rede pública, duración, prórrogas, réxime de suspensión e extinción das vinculacións e concertos, dereitos, condi-

cións económico-laborais, que deberán ser as mesmas que as dos traballadores públicos.

**8.- O capítulo IV** dedícase á rede galega de atención sanitaria de utilización pública.

O CES entende que, en congruencia coa observación particular 1ª realizada ó contido do artigo 2 do anteproxecto, e tamén de forma coherente co concepto manexado pola Lei Xeral de Sanidade, considera apropiado referirse sempre ó sistema sanitario público de Galicia.

Neste capítulo configúrase a Rede do Sistema Sanitario Público de Galicia con diversificación dos modelos de xestión da rede de natureza pública e proponse a integración do sector privado. O CES considera que nesta proposta se reafirman as formas de xestión suxeitas ó dereito privado e se introducen certos criterios de competencia que contradicen o principio de cooperación de tódolos axentes que integran o Sistema Sanitario Público de Galicia, recoñecido explicitamente na Exposición de Motivos sobre o Título II: “... *enfaticando na cooperación de tódolos axentes que o integran fronte a idea de competencia entre estes, cada vez máis denostada.*”

137

**9.- No artigo 14** do Anteproxecto sometido a dictame expónse o concepto e a caracterización dos centros e servizos da Rede Galega de Atención Sanitaria de Utilización Pública.

O CES considera que, na relación dos centros que compoñen a Rede do sistema sanitario público de Galicia, abondaría coa redacción dos apartados "a" e "c" e a inclusión de 2 puntos:

4. Para os supostos de integración dos centros públicos con personalidade xurídica propia, establecéndose nas correspondentes Disposicións Transitorias os procedementos adecuados para a súa plena integración no SERGAS.

5. Para os supostos de vinculación ou concertación dos centros privados, onde se establezca o carácter complementario e subsidiario dos mesmos.

**10.- O artigo 15** do Anteproxecto regula o aseguramento único e público.

O CES considera innecesario establecer, como característica da Rede do

Sistema Sanitario Público de Galicia, o aseguramente único e público, cando na súa proposta de definición de sistema sanitario público considérase este como instrumento para acadalo obxecto da Lei, que é facer efectivo o dereito constitucional dos cidadáns á protección da saúde, é dicir, o seu aseguramento único e público.

**11.- Os artigos 17, 18 e 19** do Anteproxecto de Lei de Ordenación Sanitaria regulan os hospitais privados integrados na Rede, as incompatibilidades e a utilización de centros e servizos que non pertencen á mesma.

Respecto ós citados artigos o CES considera máis apropiado usa-los conceptos de “*vinculación*” ou “*concertación*” e non o de “*integración*”, en coherencia coas consideracións anteriores e porque é o concepto utilizado con carácter básico pola Lei Xeral de Sanidade. Neste senso o Anteproxecto debería optar por facer unha expresa remisión ós artigos 90, 93 e 94 da dita Lei.

138

**12.-** No Capítulo primeiro do Título III, o **artigo 20** do Anteproxecto de Lei expón as competencias do Consello da Xunta de Galicia.

O CES considera que os acordos de creación de hospitais públicos en Galicia deben ser competencia da Consellería de Sanidade por razóns de operatividade, polo que non se considera adecuado o apartado 8 deste artigo.

En coherencia coas anteriores consideracións, non parece oportuno abri-las posibilidades de que a Xunta ou o SERGAS constitúan ou participen en entidades sanitarias ou sociosanitarias con modelos de xestión diferentes ó propio SERGAS, polo que carecería de senso a habilitación que con esta finalidade se lles outorga no **apartado 9**.

Nun senso similar, a integración de centros sanitarios na rede galega só é posible para centros sanitarios públicos con personalidade xurídica propia adscritos ó SERGAS ou a outras administracións públicas, polo que as normas de acreditación se aplicarían para autoriza-la apertura ou funcionamento dos centros privados ou, no seu caso, para concerta-los ou vincula-los coa rede do Sistema Sanitario Público. Neste senso, perde virtualidade o **apartado 10**, ós efectos da proposta de integración dos centros privados que fai o anteproxecto.

**13.- O artigo 21** determina as competencias da Consellería de Sanidade.

O CES entende que o **apartado 18** debería redactarse do seguinte xeito: “**O**



*exercicio da potestade disciplinaria en relación co persoal con destino na Consellería de Sanidade.”*

**14.-** Dentro das competencias da Administración Autonómica, o **artigo 22** expón os instrumentos de actuación.

O CES considera que o exercicio das funcións atribuídas á Consellería de Sanidade, na súa calidade de autoridade sanitaria e no exercicio da superior dirección da política sanitaria en Galicia, non poden ser delegables en terceiras entidades interpostas que comprometan a finalidade e obxectivo principal do sistema sanitario público e deben, por tanto, exercelas en coordinación e complementariamente co SERGAS.

**15.-** O **artigo 23** regula o marco legal de participación das entidades locais no Sistema Sanitario de Galicia.

139

En materia de competencias da Administración Local transcríbese o previsto na Lei Xeral de Sanidade, na Lei de Bases de Réxime Local, e na Lei da Administración Local de Galicia, introducindo no artigo 26 a obtención polos Concellos dunha acreditación que deixa á determinación regulamentaria.

O CES considera que debe especificarse que tales criterios terán alomenos que cumprirlos principios básicos de delegación establecidos no artigo 27 da Lei de Bases de Réxime Local, relativos á mellora da eficiencia da xestión pública e acadar unha maior participación cidadá.

No relativo ó persoal da Consellería de Sanidade e do Servicio Galego de Saúde que presta apoio ós municipios, debería precisarse con claridade que a consideración de persoal ó servizo destes será ós únicos efectos das obrigadas consecuencias en canto a réxime de recursos e responsabilidades persoais e patrimoniais.

**16.-** Nos **artigos 26 e 27** regúlase a delegación de competencias nas entidades locais e as condicións para a dita delegación.

O CES entende que a participación das administracións locais na xestión do sistema sanitario público non debe producirse en termos de xestión directa de centros, xa que daría pé a iniciar un camiño de retorno á fragmentación do sistema

público anterior ós procesos de integración dos centros dependentes das corporacións locais no SERGAS. Por isto, o CES apunta que a delegación de competencias reguladas nestes dous artigos, así como indirectamente no apartado 2.b. do artigo 25, non debería traspasar aqueles límites.

**17.-** No **artigo 29** do Anteproxecto de Lei régulanse as relacións de cooperación coa Administración do Estado.

O CES considera necesario que entre as materias nas que Galicia debe intervir directamente na formación da vontade deberían incluírse adicionalmente as de desenvolvemento regulamentario dos procedementos de aplicación do novo sistema de financiación das comunidades autónomas de réxime comun establecido na Lei 21/2001, do 27 de decembro, e as de desenvolvemento dos sistemas comúns de información estatísticos e homologación dos indicadores económicos e físicos para o conxunto do Sistema Nacional de Saúde.

140

**18.-** O **artigo 31** do anteproxecto expón as relacións coas comunidades galegas no exterior.

O CES non cree acertado nin oportuno plantexar neste Anteproxecto que a Xunta pode asumir a xestión de centros ubicados en terceiros países. Os proxectos de cooperación teñen outras canles de formulación.

**19.-** O **artigo 35** do Anteproxecto de Lei regula as funcións a levar a cabo polo Servicio Galego de Saúde.

O CES entende necesario adapta-la redacción dos **apartados 1 a)** e **1 c)** do artigo 35 á supresión da función de compra de servicios argumentada na consideración feita ó artigo 38 neste dictame.

O CES considera que o contido do **apartado 2 b)** debería limitarse ó disposto na Lei de contratos das Administracións Públicas, respecto ás entidades privadas.

O CES propón a supresión dos **apartados 2 c)** e **3** do citado artigo.

**20.-** O **artigo 37** reflicte a estrutura orgánica do Servicio Galego de Saúde.

O CES entende que se deberían de especifica-las competencias e funcións

dos órganos de dirección, así como a composición do Consello de Dirección.

**21.- O capítulo III** do Anteproxecto de Lei regula as funcións de compra e provisión de servicios sanitarios.

Neste capítulo defínese un modelo de mercado sanitario interno, coa separación da función de compra e provisión, que non se corresponde coas obrigas de “*eficiencia pública*”, que debe ser medida en termos de equidade tanto en materia de saúde individual como colectiva, e reitérase a substitución da vinculación ou concertación co sector sanitario privado mediante a súa integración formalizada con contratos de servicios e a súa posible ampliación ó nivel de Atención Primaria.

O CES non considera adecuada a separación de funcións e a competencia entre axentes por ser contraría á declaración efectuada na exposición de motivos do Anteproxecto sobre o principio de cooperación. O CES considera que a cooperación é un principio para acada-la eficiencia pública, medida en termos de equidade, e a competencia é un principio para acada-la eficiencia privada medida en termos de beneficios.

141

**22.- O artigo 39** do Capítulo terceiro: “As funcións de compra e provisión de servicios sanitarios”, está dedicado á compra de servicios sanitarios.

O CES non comparte os conceptos de mercado e de competencia que gardan relación directa coa expresión “*de compra de actividade asistencial*”. A asistencia sanitaria pública non debería funcionar en termos de mercado interno e competencia. Os modelos así concibidos, amosan “ineficiencia pública”, no senso de que a prioridade do Sistema Sanitario Público de Galicia e a medida da súa eficiencia debe se-la equidade.

O anteproxecto de Lei, respecto da compra da actividade asistencial, non se refire só ó mercado interno, senón que o abre ó sector privado en igualdade de condicións co público. O CES considera que non se debería pór en pé de igualdade a oferta de provedores públicos e privados para a compra de actividade asistencial no Sistema Sanitario Público de Galicia, senon, polo contrario, perseguir ou acada-la suficiencia e optimización da rede pública acudindo con carácter complementario e subsidiario á rede privada a través da vinculación ou concertación.

Neste senso, o carácter complementario e subsidiario das entidades privadas non debería ser de aplicación no nivel de Atención Primaria de Saúde, tal como se

propón neste Anteproxecto de Lei. Neste nivel a rede pública de xestión directa debería configurarse con carácter de suficiencia.

**23.- O artigo 40** do anteproxecto de Lei regula o contrato de servizo sanitarios.

O CES considera que no Anteproxecto deberían distinguirse claramente os conceptos de contratación interna ou externa.

Faise unha relación exhaustiva das posibilidades de “*contratación interna*”, sen establecer claramente os tipos, formalidades, procedementos ou garantías para a súa celebración. O instrumento formalmente denominado “*contrato de servizos sanitarios*” diversifícase nun sen fin de formatos e non se clarifica cómo se organiza e cómo se xestiona o sistema sanitario público cunha fórmula concreta para cada ámbito ou para cada centro, deixándoo para desenvolvemento regulamentario en cada caso e segundo interese. De acordo coa consideración sobre o artigo 20, a obtención da acreditación só debería contemplarse para os centros privados.

142

Respecto á contratación de servizos sanitarios externos, o CES considera que estes téñense que adaptar, necesariamente, ó contemplado na Lei de contratos das Administracións Públicas respecto ó contrato de xestión de servizos públicos.

**24.- O artigo 42** define a provisión de asistencia sanitaria.

O CES considera que, coherentemente coa supresión da referencia ó mercado e, xa que logo, á separación das funcións de compra e provisión, debería de suprimirse o citado artigo 42.

**25.- O artigo 43** expón os instrumentos de organización e xestión do Servizo Galego de Saúde.

O CES considera que a modernización do sistema tradicional non debe depender da introducción de fórmulas organizativas que mesturen provedores públicos e privados, senón da mellora da “eficiencia pública” do sistema tradicional medida en termos de equidade.

**26.- O artigo 44** define as áreas de servicio compartido.

O CES considera que as áreas de servicio compartido propostas neste Anteproxecto de Lei dificultan a homoxeneidade e mesmo a equidade do sistema, tanto nos centros diferenciados como na súa caracterización xurídica e de persoal, moito máis aínda coa introducción de sociedades mercantís públicas autonómicas dentro dos propios centros sanitarios.

O CES considera que este instrumento organizativo só ten xustificación na medida en que dá cobertura transitoria á actual fragmentación dos recursos públicos. Non parece lóxico crear un hospital público, posteriormente crear unha sociedade mercantil pública que traballe dentro dese hospital público, e finalmente establecer áreas de servicios compartidos para a súa coordinación. O CES considera que debería facilitarse a integración a tódolos efectos de ditas sociedades nos centros nos que desenvolven o seu traballo.

**27.- O artigo 45** regula a xestión clínica do Servicio Galego de Saúde.

143

O CES considera que as fórmulas organizativas que permitan potenciar e dotar de maior eficiencia o traballo dos hospitais deben ser dinámicas e flexibles. Carece, por tanto, de senso que se sitúen no Anteproxecto coa categoría de modelo organizativo as áreas de xestión clínica, máxime cando no Anteproxecto se recoñece que en ningún caso terían personalidade xurídica. Esta fórmula, que se considera positiva, debería desenvolverse regulamentariamente.

**28.- No apartado 4 do artigo 49** desenvólvese o tráfico xurídico do patrimonio.

O CES entende que non se xustifica a capacidade de cesión de bens mobles do SERGAS a terceiros polas meras “*relacións de colaboración*”, que segundo o artigo 40.2 do Anteproxecto pode producirse con calquera entidade e para calquera ámbito e finalidade. En ningún caso parece admisible a habilitación para tal cesión a entidades de natureza ou titularidade privada con ánimo de lucro.

**29.- O Capítulo VI** do Anteproxecto regula os recursos humanos.

O CES considera que o anteproxecto, en materia de recursos humanos, opta

por unha regulación que obedece a dúas características: por un lado, otorga habilitacións regulamentarias xenéricas para o desenvolvemento de aspectos como a clasificación profesional, a normativa estatutaria ou a carreira profesional, sen indicación de criterios e orientacións mínimas sobre tales materias e prescindindo da necesaria negociación na mesa sectorial de sanidade sobre esas mesmas materias; e, por outra banda, regula explicitamente aqueles aspectos que contribúen a flexibilizar as relacións laborais e profesionais, como son a mobilidade forzosa, o ámbito dos nomeamentos do persoal e a configuración legal dos cadros de persoal.

O CES considera que se o futuro estatuto marco básico estivera en vigor de forma simultánea a este anteproxecto de Lei poderían producirse significativos problemas de concorrência. O Anteproxecto de Lei debería desenvolver os criterios básicos que orientaran as normas e a política de persoal ou ben facer unha remisión xenérica á lexislación básica e á negociación colectiva.

144

**30.- O artigo 55** do Anteproxecto de Lei sometido a dictame expón os principios xerais en materia de persoal.

O CES considera que non debe ser obxecto desta Lei entrar en fórmulas concretas, unilaterais e forzadas, cara á unha posible restricción dos efectivos do sector público sanitario.

**31.- O artigo 56** expón o ámbito e réxime xurídico dos recursos humanos.

O CES considera positivo que o Anteproxecto de Lei propoña un réxime xurídico común no sector público sanitario. Sen embargo, non se considera adecuado declarar que as entidades suxeitas ás novas formas de xestión son sistema sanitario público que exercen a función sanitaria pública, e logo establecer que o persoal do Servicio Galego de Saúde o conforma o persoal funcionario, estatutario e laboral da Administración da Xunta de Galicia.

O CES entende que se debe de ampliar esta definición e abri-la posibilidade á integración do persoal das entidades sanitarias de titularidade e natureza pública no réxime xurídico estatutario que se declara de aplicación xeral.

**32.- O artigo 57** expón as normas polas que deberá rexerse a provisión de persoal no Servicio Galego de Saúde.

O CES considera que as materias reguladas neste artigo están xa recollidas na vixente Lei 30/1999. Non obstante, neste Anteproxecto debería comprometer

unha determinada periodicidade para as convocatorias de selección ou de provisión de prazas.

O CES considera que os servicios prestados na función directiva, nun contexto de consolidación e estabilidade nos cadros de persoal, non deberían ser computados nos procesos de selección.

**33.- O artigo 58** regulamenta o ámbito da prestación de servicios.

O CES considera que nas convocatorias de provisión de procesos de selección, mobilidade e promoción non se deberían identifica-los postos de traballo como postos da categoría na área sanitaria. Deberíase manter a identificación de posto, centro e localidade, coa expedición de nomeamento por centro nos termos establecidos na normativa básica do persoal estatutario. A mobilidade na área sanitaria debería plantexarse, preferentemente con carácter voluntario e negociada na Mesa sectorial, coa xustificación da mesma, as súas medidas compensatorias e a súa reversibilidade.

145

**34.- O artigo 59** regula a carreira profesional.

O CES considera que non ten sentido este artigo se non aporta criterios e compromisos firmes de desenvolvemento.

**35.- O artigo 60** do Anteproxecto está dedicado ó cadro presupostario.

O CES considera positivo que o Anteproxecto defina tal instrumento neste artigo, pero a definición deste instrumento de ordenación debería reunir algunhas das seguintes características mínimas: ser público, cataloga-las prazas para identificarlas individualmente e non condicionar por si mesmas as relacións contractuais que correspondan a todos cantos traballen nos centros, sexan fixos ou temporais, ocupen vacantes ou substitucións, e estean contratados cunha ou outra modalidade de nomeamento temporal.

**36.- O artigo 61** expón o sistema retributivo do persoal do Servicio Galego de Saúde.

Na definición das retribucións do persoal o CES considera imprescindible

recoller e respetar os acordos a que se chegue na negociación colectiva, e na definición do sistema retributivo debería decirse algo máis que a produtividade variable e as peonadas. A norma que regule o sistema retributivo do persoal do Sergas deberá negociarse na Mesa Sectorial correspondente.

**37.-** No **artigo 63** expónse as funcións das distintas categorías do persoal.

O CES considera que a norma que defina categorías e funcións, en substitución da clasificación profesional actualmente vixente nos estatutos de persoal, debería ser única e negociada.

**38.-** No **artigo 64** expóñense as relacións con outros réximes de persoal.

O CES non considera adecuado que esta Lei formule a regulación de relacións con outros réximes de persoal dende a premisa establecida no Anteproxecto de que, con carácter xeral, se aplicará o réxime estatutario. Neste senso, debería contemplarse un artigo específico relativo á homologación das condicións de traballo. O CES considera que se debería regular nas correspondentes Disposicións Transitorias deste Anteproxecto de Lei os procedementos para a integración voluntaria do persoal no réxime xurídico estatutario.

O CES entende que se debería proceder a completa-los procesos de integración iniciados co Decreto 200/93 e do Decreto 447/96 con procesos de integración voluntaria abertos e permanentes para todo o persoal funcionario e laboral do sector público sanitario.

**39.-** O **artigo 68** do Anteproxecto de Lei regula a organización dos órganos de dirección técnicos e colexiados dos centros asistenciais.

No **apartado 1, punto "e"** inclúese a expresión “*no seu caso*” para referirse á existencia de órganos de participación. O CES considera que debe eliminarse a dita expresión ou substituíla pola de “*en todo caso*”.

**40.-** No **artigo 69** expóñense as Disposición Xerais das Formas de Xestión de servizos sanitarios con personalidade xurídica propia.

O CES considera que a xestión indirecta, a través de todo tipo de entidades



dotadas de personalidade xurídica propia, diversifica a regulación da función sanitaria. A fallas de experiencias avaliadas fan innecesaria a insistencia nesta materia, e a súa ampliación coa creación de entidades de natureza asociativa integradas por profesionais do sector sanitario. Neste senso, debería regularse que os actuais Centros sanitarios públicos con personalidade xurídica propia (Fundacións, MED-TEC) poderán integrarse no Servicio Galego de Saúde. O CES considera que debería establecerse as correspondentes Disposicións Transitorias neste Anteproxecto de Lei para regular a dita integración.

O CES considera que respecto ás formas de xestión dos servizos sanitarios non debería facerse declaración algunha na Exposición de Motivos sobre a *“positiva experiencia que nos últimos anos aconteceu en Galicia”*. Neste senso, cabe lembrar os informes do Tribunal de Contas e do Valedor do Pobo, a conflictividade e alta rotación do persoal que fixo necesario iniciar o proceso de homologación de condicións laborais coa rede pública de xestión directa; e a non contrastada melloría na súa eficiencia, custo e calidade respecto dos centros de xestión directa.

147

**41.- O artigo 76** do Título V: “Planificación, actuacións e intervención en materia de saúde” expón o obxecto e ámbito do Plan de Saúde de Galicia.

O CES entende que debe engadirse neste artigo que se preverán os investimentos e accións sanitarias a desenvolver, anual e plurianualmente.

**42.- O artigo 82** do Anteproxecto de Lei reflicte as actuacións a efectuar en materia de saúde.

O CES considera que neste artigo sería necesaria a mención expresa ós programas de atención a grupos de poboación con maior risco e programas específicos de protección fronte a factores de risco; ós programas de prevención das deficiencias, tanto conxénitas como adquiridas; ós de orientación no campo da planificación familiar; así como no relativo a promoción e mellora das actividades de veterinaria de Saúde Pública.

**43.- O artigo 85** define as funcións que lle corresponden á Consellería de Sanidade en materia de saúde laboral.

O CES entende que debería desenvolverse a participación dos traballadores e empresarios nos plans, programas e actuacións sanitarias en materia de saúde laboral.

O CES considera que a prestación da asistencia médico-farmacéutica a través do persoal dos servizos de prevención, segundo a Lei 31/1995, debe limitarse ó persoal dos servizos médicos de empresa que viñan realizando ditas funcións e que se integraron no novo modelo de prevención de riscos laborais establecido coa entrada en vigor da nova regulación referida; polo que se propón suprimi-lo apartado 6 deste artigo. Non parece oportuna a utilización deste Anteproxecto para legaliza-la capacidade de prestación médico-farmacéutica a través do persoal sanitario dos servizos de prevención das empresas.

**44.- O artigo 93** expón outras posibilidades asistenciais dentro da asistencia sanitaria na rede galega de atención sanitaria de utilización pública.

O CES non considera adecuada a redacción deste artigo porque deixa abertas as portas a calquera modalidade, incluída a constitución de cooperativas e mesmo concesións administrativas ou privatizacións.

148

**45.- O artigo 94** define o concepto de atención primaria.

O CES entende que no **apartado 2** do artigo 94 débese suprimir as referencias ás áreas sanitarias, xa que implicaría unha mobilidade dentro da área sen xustificación.

O CES considera que os centros de actuación e intervención en materia de atención primaria que se determinan neste artigo deben entenderse sempre referidos a centros públicos.

**46.- O artigo 100** do Anteproxecto de Lei define o concepto e ámbito da atención especializada.

O CES entende que no **apartado 4** deste artigo debería engadir: “*...disporá de, cando menos un centro hospitalario público*”.

**47.- O artigo 103** do Anteproxecto de Lei regula a atención continuada e emerxencias.

O CES considera que este Anteproxecto é unha oportunidade para defini-lo modelo de atención continuada no ámbito extrahospitalario, nun momento no que

a actual administración sanitaria ten pendente a regulación e implantación do sistema que modifica o actual para os próximos meses. Neste senso, parece oportuno regular os dispositivos específicos de urxencias con persoal propio integrado na rede asistencial do SERGAS.

**48.- O artigo 104** do Anteproxecto de Lei trata a atención sociosanitaria.

Neste artigo propónse a non gratuidade da atención sanitaria ante situacións de necesidade de coidados prolongados, establecéndose un sistema de co-pago que supón un prexuízo a un colectivo cun contexto socioeconómico que agudiza a súa situación.

O CES considera que non debe confundirse a debida coordinación coas Administracións Sociais coa asistencia sanitaria en situacións de necesidade de coidados prolongados, que podería non garanti-lo principio de gratuidade e equidade efectiva que rexe as prestacións do Sistema Nacional de Saúde. Neste senso, rexeitase a cofinanciación proposta.

149

**49.- O artigo 118** está referido á participación comunitaria.

O CES considera positiva a incorporación neste Anteproxecto de Lei dos principios constitucionais respecto da participación comunitaria, sen embargo, non considera adecuada a técnica lexislativa utilizada, consistente na transcripción literal, sen maior desenvolvemento dos preceptos contidos en normas de rango superior.

Tendo en conta que a estruturación territorial afecta á planificación, xestión e participación democrática dos interesados, e que a Comunidade Autónoma ten xa delimitadas as áreas sen ter constituídos os órganos de participación, o CES considera necesario establece-los prazos da súa constitución para a efectividade do exercicio do dereito á participación xa que, dende a recepción das transferencias sanitarias, ditos órganos non foron constituídos; todo isto con independencia de que se modifiquen ou non as actuais Áreas Sanitarias.

**50.- O artigo 121** regula a composición do Consello Galego de Saúde.

O CES considera que a composición proposta para o Consello Galego de Saúde respecto á participación das organizacións sindicais é inferior á súa repre-

sentación real, pois a dobre condición dos colectivos por elas representadas, como fonte de financiamento do sistema e como prestadores directos do servizo, debería determinar unha maior representación sindical.

O CES non considera oportuna a inclusión de vocais de colexios profesionais neste órgano de participación, por entender que teñen definido outro marco acorde coa súa finalidade e funcións.

**51.- O artigo 122** regula as funcións do Consello Galego de Saúde.

O CES valora positivamente a determinación con rango legal das funcións do Consello, pero debería desenvolverse a súa organización e funcionamento, canto menos nos seus aspectos máis substanciais, dentro deste Anteproxecto de Lei sometido a dictame.

150

Para que o Consello Galego de Saúde poda razoablemente cumprir as funcións que corresponden á súa natureza, tal como se define acertadamente no artigo 120, é necesario que incorpore competencia sobre algunhas materias non recollidas neste artigo, como son: o coñecemento dos orzamentos do Servizo Galego de Saúde e da Consellería, a emisión preceptiva de informe sobre o Plan de Saúde e a capacidade de intervir no seu seguimento e avaliación, o coñecemento de todo tipo de *“contratos de servizos sanitarios”* tal como son definidos no artigo 40. O regulamento de funcionamento do Consello, independentemente da publicación formal por Orde da Consellería, debería ser aprobado por 2/3 dos seus membros.

**52.- No artigo 125** do Anteproxecto de Lei regulase a composición das Comisións de participación cidadá.

Na regulación da participación cidadá, enuméranse as institucións que deberán ter participación nas ditas comisións, deixando para determinación regulamentaria, por Orde do Conselleiro competente, a concreción numérica, así coma as normas de organización e funcionamento das mesmas.

O CES considera que, canto menos os aspectos esenciais das institucións de participación, como a súa composición determinada, as funcións, a organización e funcionamento, deberían ter rango legal, sen prexuízo da autonomía propia destas institucións.

**53.- O artigo 128** regula outras formas de participación cidadá.

Noutras formas de participación cidadá establécense funcións xenéricas de asesoramento.

O CES considera que para que ditos órganos sexan competentes, para lexitimar tecnicamente as decisións políticas, debería garantirse a súa independencia.

**54.- O artigo 129** regula o obxecto e funcións do Consello Asesor do Sistema Sanitario de Galicia.

O CES considera que debería determinarse a súa composición, organización e normas esenciais de funcionamento, xa que este tipo de órganos deben garanti-la súa independencia, que será condición esencial para a súa labor de asesoramento en beneficio do sistema e do cidadán, e garanti-la integración nos mesmos de persoas de distintas procedencias e non sometidas ó nomeamento discrecional.

151

**55.- Os artigos 133 e 134** do Anteproxecto de Lei sometido a dictame regulan os dereitos e deberes dos cidadáns no Sistema Sanitario de Galicia.

No Anteproxecto de Lei, faise una transcripción literal de preceptos contidos en normas de rango superior. Neste senso, o CES entende que debería ser o obxecto desta lei un maior afondamento nesta materia tan importante para a colectividade.

1.- No **apartado h)** do **artigo 133** expónse o dereito á privacidade e confidencialidade.

O CES considera que a referencia á enfermidade debería cambiarse pola referencia a “*procesos*” polos que son atendidos os usuarios, concepto máis amplo que o de enfermidade. O concepto de enfermidade pode permitir deixar fóra da confidencialidade supostos como investigación e docencia. O CES considera preocupante establecer unha limitación ó grao de confidencialidade a través da autorización do paciente, que mesmo pode comportar á inclusión de cláusulas tipo nos propios expedientes sanitarios.

2.- En materia de consentimento informado, exposto no **apartado l)** do **artigo 133**, debería establecerse que tal consentimento debe incluí-las actividades de investigación e docencia.

3.- A libre elección de médico, exposta no **apartado s)** do **artigo 133**, resérvese ó médico xeral ou pediatra ata os 14 anos, non incluíndo outros profesionais –como psiquiatra ou tocóxinecólogo– que prestan os seus servizos dentro da área de saúde, nin se establece a posibilidade de ampliación a outras especialidades médicas.

4.- Tendo en conta a importancia dos coidados de enfermaría en relación coas necesidades sanitarias da poboación, o CES considera necesario que se estableza o dereito dos cidadáns a que se lles asigne enfermeira/o responsable e interlocutor principal en materia de coidados e non se lles recoñeza o dereito á libre elección de enfermeira/o na zona de atención primaria do seu lugar de residencia.

**56.- O artigo 140** regula o nomeamento e cesamento do Vedor do Paciente.

152 O CES considera que o Vedor do Paciente, para garantir o carácter de órgano independente e actuar en defensa dos dereitos dos pacientes, desempeñando as súas funcións con autonomía e independencia, debería ser designado polo Conselleiro de Sanidade a proposta do Consello Galego de Saúde, órgano ante o que expoñerá a memoria anual.

**57.- O artigo 141** expón as incompatibilidades do Vedor do Paciente.

O CES considera que deben ampliarse as súas incompatibilidades ós cargos ou empregos ó servizo de asociacións ou fundacións con fins sanitarios, e ó exercicio de calquera outra actividade profesional, liberal, mercantil ou laboral.

**58.- O artigo 152** do Anteproxecto de Lei establece os principios xerais da docencia, investigación e formación sanitarias.

O CES entende que se debería suprimir do **apartado 3** o termo “*sanitario*”, xa que as necesidades formativas non son exclusivas do persoal sanitario.

**59.- O Título X** do Anteproxecto de Lei está dedicado á docencia, formación e investigación sanitaria.

O CES considera necesario un compromiso e implicación coa optimización e impulso de aspectos de vital importancia para o Servizo Público de

Saúde, como son a docencia, formación e investigación, dos que depende a evolución, pervivencia, calidade e eficiencia da rede pública. Neste senso, propónse a integración da planificación e da xestión de toda a docencia, formación en administración sanitaria, saúde pública e ciencias da saúde, así como todo o relativo á investigación sanitaria.

**60.- O artigo 156** do anteproxecto de Lei regula as características e obxectivos da Escola Galega de Administración Sanitaria.

O CES considera que a Escola Galega de Administración Sanitaria debe configurarse como un ente de dereito público dos previstos na Lei de Réxime Financeiro e Orzamentario de Galicia.

**61.- O artigo 157** regula as funcións da Escola Galega de Administración Sanitaria.

153

O CES entende que se debe de recoñecer-lo dereito de participación das organizacións sindicais na confección dos programas formativos que afecten ó persoal dos centros sanitarios públicos.

**62.- Disposición transitoria.**

O CES considera que, respectando o carácter de complementariedade e subsidiariedade da actividade do sector sanitario privado no sistema sanitario público de Galicia, deberían desenvolverse as disposicións transitorias que resolvan, coas garantías que se consideren necesarias, os riscos que o sector privado poida asumir pola acomodación ós criterios de calidade establecidos nas normas de acreditación.

Santiago de Compostela, 15 de novembro de 2002

Vº. e P.

O PRESIDENTE

O SECRETARIO XERAL

Asdo: Luis Suárez-Llanos Gómez

Asdo: Carlos Monclús Díez de Ulzurrun

